Sobre as actuacións que leva a cabo a Xunta de Galicia co obxectivo de avanzar na erradicación do amianto

- 21246 (12/POP-003243)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis



Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da recente reunión do presidente do executivo galego co comisario europeo de Pesca e Océanos, Costas Kadis

- 21250 (12/POP-003244)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grueira Fernández, Nicole e 9 máis

Sobre as medidas que está a pór en marcha a Xunta de Galicia destinadas a facilitarlle á xente nova o acceso á vivenda

- 21255 (12/POP-003245)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Mouzo Mas, Paula e 9 máis

Sobre as medidas e o orzamento que integran o plan de xestión dos Penedos de Pasarela e Traba

- 21257 (12/POP-003246)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e 8 máis

Sobre o proceso de planificación e execución levado a cabo por parte do Goberno de España do Plan de recuperación, transformación e resiliencia

- 21259 (12/POP-003247)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre as liñas que definen a terceira edición do Plan Corresponsables

- 21268 (12/POP-003248)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Prado Cores, María Montserrat

Sobre os déficits do servizo de hospitalización a domicilio no Hospital Comarcal de Monforte de Lemos

- 21280 (12/POP-003249)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre os resultados obtidos no ano 2024 coa Estratexia galega de economía social horizonte 2027 e as previsións para o vindeiro 2025

- 21284 (12/POP-003250)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre os datos de recadación do actual canon eólico

- 21293 (12/POP-003251)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara



Sobre a eventual implantación por parte do Goberno galego dun plan de choque para salvar as masas de piñeiros ante o espallamento das pragas que padecen

- 21299 (12/POP-003252)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Castro García, Daniel

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia está a desenvolver para abrir ao público a Casa Cornide, tal como establece o decreto polo que se declara ben de interese cultural

- 21305 (12/POP-003253)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia ante o anuncio de peche da Escola Infantil A Casiña, situada no barrio ourensán das Lagoas

- 21314 (12/POP-003254)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e Golpe Acuña, José Manuel

Sobre a transparencia e o control público da actividade da Sociedade Recursos de Galicia

- 21320 (12/POP-003255)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as eventuais actuacións que desenvolve a Xunta de Galicia co obxectivo de erradicar o uso das contencións mecánicas para inmovilizar pacientes en determinadas circunstancias e tratamentos terapéuticos

- 21329 (12/POP-003256)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 5 máis

Sobre as axudas que a Xunta de Galicia prevé destinar en 2025 aos afectados pola praga da rata toupa en varios concellos da montaña de Lugo

- 21334 (12/POP-003257)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 10 máis

Sobre os beneficios que, de ser o caso, suporá a posta en marcha da fábrica de Altri para os pequenos produtores forestais de Galicia

- 21336 (12/POP-003258)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 9 máis

Sobre os beneficios que, de ser o caso, suporá a posta en marcha da fábrica de Altri para o tecido industrial galego



1.4.4.1.2. Preguntas urxentes (art. 155.5)**Admisión a trámite ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento do Parlamento, traslado á Xunta de Portavoces e publicación**

- 21162 (12/PUP-000088)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre a información da que dispón a Xunta de Galicia verbo da próxima celebración do Mundial de Fútbol 2030

- 21440 (12/PUP-000089)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis

Sobre o impacto no tecido produtivo das medidas que leva a cabo a Xunta de Galicia no eido da mellora da eficiencia enerxética

- 21442 (12/PUP-000090)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis

Sobre as novidades da Estratexia de internacionalización da empresa galega 2026-2030 que está a elaborar a Xunta de Galicia

- 21444 (12/PUP-000091)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis

Sobre as liñas de préstamos que o Goberno galego vén dedicando ao fortalecemento e crecemento do tecido produtivo e as novidades para a convocatoria deste ano

- 21453 (12/PUP-000092)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis

Sobre a integración dos obxectivos do programa ReAcciona na estratexia económica da Xunta de Galicia

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2025

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galicia faleceron nos últimos oito anos un total de 6.571 persoas que agardaban unha resolución sobre a súa situación de dependencia para poder percibir un subsidio, segundo o último informe do Observatorio da Dependencia.

Dos falecidos entre 2017 e 2024 esperando ese procedemento administrativo, 841 eran persoas que aspiraban a obter unha resolución de grao e 5.730 un recoñecemento dalgunha prestación ou servizo do sistema, segundo os datos recompilados do Goberno central e as comunidades autónomas.

Un total de 10.572 persoas con solicitude de dependencia faleceron, se se deducen as 470 que non acreditaban unha situación de dependencia, denominada "sen grao".

Un 96,7 % deses 10.572 estaban a ser atendidas e un 3,3 % restante formaba parte da "lista de espera", dos cales 201 (1,9 %) esperaban a resolución de grao e 144 (1,4 %) tiñan xa o dereito recoñecido agardaban unha resolución de prestación.





A finais do ano pasado había un total de 78.452 persoas rexistradas en Galicia con dereito a unha prestación por estar nunha situación de dependencia, fronte a 75.584 un ano antes.

O informe sinala que no último exercicio en Galicia atendéronse a 3.505 novas persoas en situación de dependencia, un 4,76 % máis que no exercicio precedente, quedando por baixo a media de España, que se sitúa en 7,55 %.

O ano pasado Galicia concedeu 15.617 novas prestacións, das cales 11.515 (74 %) de teleasistencia, o que supón un "incremento masivo" dese servizo que pasou de representar un 20 % do total, fronte a 10 % un ano antes.

O informe indica que o gasto público por habitante incrementouse en 19,1 euros pasando a 145,1 euros, pero atópase por baixo do aumento medio de 42,7 euros por habitante respecto da media das comunidades autónomas, que é dun total de 187,8 euros.

Cada día falecen 94 dependentes (deles case un ao día en Galicia) sen chegar a recibir prestacións ou servizos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Informar e atender con arranxo aos dereitos das persoas usuarias a tramitación correspondente a solicitude de prestacións da Lei de Dependencia.
2. Atender as demandas de reunión do Colexio de Traballo Social de xeito para reverter a situación existente respecto de necesidade de incluír o





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 21034
Data envío: 28/02/2025 21:20:52.023

informe social e o acompañamento destes profesionais no proceso de tramitación e adxudicación da prestación correspondente.

Santiago de Compostela, a 28 de febreiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 28/02/2025 21:17:58

Elena Espinosa Mangana na data 28/02/2025 21:18:08

José Ramón Gómez Besteiro na data 28/02/2025 21:18:19

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

72972

@PSdeG



CSV: B0R0G.\$P030Z1E18ME\$E-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a necesidade de a Xunta dotar Betanzos co primeiro centro de día público.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BNG, a través do grupo municipal de Betanzos e mais do grupo parlamentario, ten solicitado recorrentemente, recollendo unha demanda social, a urxente necesidade de que a Xunta dote Betanzos e a súa comarca dun centro de día público que dea resposta ás necesidades de atención dos coidados das persoas maiores e dependentes.

Á pregunta escrita do BNG sobre cales eran as previsións do goberno do PP para que Betanzos e a comarca das Mariñas contase cun centro de día de titularidade pública, esta foi a resposta o PP :

“A Xunta de Galicia ten en marcha un Plan de investimentos para a construción, reforma ou ampliación de equipamentos sociais municipais dotado de 18,5 millóns de euros e que foi acordado coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), financiado con fondos europeos do Mecanismo de Recuperación e Resilencia (MRR).

O Concello de Betanzos, ao igual que outros municipios galegos, ten solicitado acollerse a este Plan e presentou un proxecto de centro de día solicitando a axuda económica que se establece nese plan. Nestes momentos, todas as propostas cursadas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

polos Concellos están en fase de estudo e valoración da documentación presentada e da súa viabilidade”.

A concreción daquela resposta non fai máis que acrecentar a preocupación ante a falta de proxecto para un servizo público sempre fundamental e máis aínda cando, como no caso de Betanzos e comarca, a poboación maior ou dependente non conta con ningunha oferta de praza pública nun centro de día.

O tempo confirmou agora aquela preocupación, coa denegación de axudas da Xunta para construír un centro de día en Betanzos, ignorando a demanda do acordo unánime do pleno municipal.

Diante desta situación, o grupo municipal do BNG retomou a iniciativa e a súa proposta orixinal para trasladar de novo ao pleno municipal de Betanzos, sendo aprobada por unanimidade, mesmo co voto a favor do PP, unha iniciativa para a cesión do antigo ambulatorio (propiedade do goberno do Estado) e o seu acondicionamento como Centro de día público.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a iniciar as xestións para reclamarlle ao goberno do Estado a cesión do antigo ambulatorio e o seu acondicionamento como Centro de día público, conforme o acordo unánime do pleno municipal de Betanzos.”

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 03/03/2025 10:30:31

Olalla Rodil Fernández na data 03/03/2025 10:34:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

À Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ás actuacións da Xunta respecto do recente informe do CEDEX sobre os puntos de vertido de dragados nas rías galegas, nomeadamente na ría de Arousa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 1998, o Ministerio de Fomento habilitou un punto de vertido para os materiais de dragado de portos entre as illas de Ons e Sálvora, na boca sur da ría de Arousa, dentro dunha zona ZEPA, a menos de dúas millas da zona marítima protexida da Illa de Sálvora e a case catro millas da Illa de Ons, moi próxima tamén aos caladoiros de pesca autorizados.

Cando o Ministerio elixiu ese punto de vertido, o expediente non foi sometido a exposición pública nin foi avalado por informes ambientais de consulta pública. Naquel momento, ningún dos arquipélagos da Arousa estaba protexido, aínda non se declarara o Parque Nacional das Illas Atlánticas nin tampouco se designara o Espazo Mariño das Rías Baixas de Galiza como Zona Especial de Protección de Aves.

Dende a súa habilitación, esta área de vertido foi utilizada tanto por Portos do Estado como por Portos de Galiza para depositar materiais dos seus dragados. Dende aquela, millóns de metros cúbicos de lodos e outros materiais fóronse depositando nese punto ata que, en abril de 2021, o Ministerio de Transición Ecolóxica deixou de autorizar os vertidos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Naquel momento, e diante das demandas de dragados que había pendentes de acometer e que, nalgún caso, levaban máis dunha década agardando, Portos de Galiza anunciou públicamente unha mesa de traballo coas confrarías, as organización de produtores, outras entidades profesionais e as administración implicadas “para afondar nas alternativas e para axilizar ao máximo e con garantías a autorización do novo punto de depósito dos materiais a dragar”.

A día de hoxe, descoñecemos se aquela mesa de traballo se chegou a constituír e, se o fixo, cais foron as conclusións do seu traballo. Tampouco se coñecen as tres propostas alternativas para os depósitos que a Xunta de Galiza asegurou ter remitido a Costas e que o propio presidente de Portos de Galiza se negou a desvelar en varias ocasións “por cortesía institucional e mentres Madrid non se pronuncie sobre eles”.

Mais, nun caso e no outro, sería desexábel que o Goberno galego tivese en conta o acordo acadado unanimemente no Parlamento galego, o 26 de xuño de 2019, onde se insta á Xunta á “elaboración dunha proposta alternativa e sustentábel para o depósito dos lodos procedentes do dragado do río Lérez, de tal forma que se garanta que estes non afectarán a ningunha das rías galegas, nomeadamente a ría de Arousa”.

Agora, o Centro de Estudos e Experimentación de Obras Públicas (CEDEX), dependente dos ministerios de Transportes e de Transición Ecolóxica, vén de propoñer como prioritario para depositar os materiais dos dragados dos portos das rías de Arousa e Pontevedra, ou de calquera outro que non se sitúe a máis de 20 millas, o mesmo punto de vertido de Sálvora que deixou de autorizar en 2021 e que o propio sector pesqueiro e marisqueiro da ría de Arousa rexeitara unanimemente con anterioridade, en 2019, cando a propia Xunta de Galiza anunciara publicamente a súa intención de utilizar a zona como depósito do dragado do río Lérez.

O BNG, en concordancia co aprobado no Parlamento galego no 2019, rexeita que as rías galegas, e nomeadamente a ría de Arousa, sexa o depósito de toneladas de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

residuos que poden estar poñendo en risco os ecosistemas. Non só nos parece un despropósito que se poidan verter no punto recomendado máis lodos, senón tamén a permanencia do depósito do que non nos consta que se estea a fecer seguemento nen control das consecuencias do mesmo.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a

. Rexeitar a posibilidade de que as rías galegas, nomeadamente a ría de Arousa, sexan o punto de depósito de materiais de dragados.

. Demandar do Estado español a non autorización da zona de Sálvora como punto de vertido de dragados e a clausura do mesmo.

. Facilitar aos Grupos parlamentares do Parlamento galego as conclusión da mesa de traballo anunciada por Portos de Galiza no 2021.

. Facer chegar aos Grupos parlamentares do Parlamento galego as copias das propostas que a Xunta de Galiza remitiu a Costas como alternativas ao punto de vertido de Sálvora, así como a do recente informe elaborado polo CEDEX.

. Realizar un estudo sobre a situación deste depósito e o impacto que o mesmo pode estar causando nunha zona de tanta riqueza ecolóxica, pesqueira e ambiental.

. Levar a cabo unha avaliación dos impactos que estes sedimentos poidan ter causado sobre os recursos pesqueiros e marisqueiros.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2025

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 03/03/2025 12:04:41

María Montserrat Prado Cores na data 03/03/2025 12:13:16





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey** e **Patricia Iglesias Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

O Xulgado de Penal núm. 2 do partido xudicial de Santiago de Compostela presenta un nivel de asuntos pendentes que supera notablemente o máximo establecido e, polo tanto, está preto de chegar a unha situación de colapso.

Foron varios os motivos que desencadearon esta situación:

1º. O xuízo do descarrilamento do tren Alvia, que requiriu de forma exclusiva a plena dedicación da xuíza titular. Para substituíla foron designados de forma separada e sucesiva por dúas xuízas de apoio territorial e tres xuíces substitutos, sen que ningún deles permanecese o suficiente tempo no órgano xudicial para dar continuidade ao seu traballo.

2º. A ocupación tamén neste asunto da letrada da Administración de Xustiza que foi substituída e, neste caso, sumouse tamén unha baixa por enfermidade.

3º. A folga de letrados e letradas da Administración de Xustiza e a de avogados e avogadas da quenda de oficio que provocaron innumerables suspensións de xuízos, incrementando de forma considerable o atraso.

Todo isto está a provocar unha situación de atasco e como consecuencia que se estean a sinalar xuízos para o mes de xullo de 2026, e moitos son xuízos de conformidade polo que á vista principal no caso de non acadala podería





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2025 17:27:05
Nº Rexistro: 21087
Data envío: 03/03/2025 17:27:05.054

celebrarse en 2027 o que é totalmente contrario ao principio de tutela xudicial efectiva.

Para reverter esta situación o Goberno galego ten que reforzar o cadro de persoal dese xulgado como mínimo con dous tramitadores para poder axilizar o traballo e que poida diminuír o número de procesos pendentes.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reforzar o cadro de persoal do Xulgado do Penal núm. 2 de Santiago con dous tramitadores procesuais que permita axilizar o traballo e así diminuír o número de procesos pendentes.

Santiago de Compostela, 3 de Marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 03/03/2025 17:23:53

Patricia Iglesias Rey na data 03/03/2025 17:24:03

José Ramón Gómez Besteiro na data 03/03/2025 17:24:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), deputados **Xosé Manuel Golpe Acuña, Ramón Fernández Alfonzo e Luis Bará Torres**, deputados ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o PRUX do Parque natural Fragas do Eume

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Fraga do Eume, Declarada Parque Natural en 1997, forman un bosque caducifolio atlántico, de máis de 9.000 hectáreas e habitado por menos de 500 persoas. Tamén son os cantís costeiros mellor conservados de Europa pola humidade, frescura e temperatura que se atopan no seu interior, o que lles permite albergar especies animais e vexetais en perigo de extinción. O Parque Natural das Fragas do Eume sitúase arredor do curso do río Eume e ten forma de triángulo cuxos vértices e lindes son As Pontes, Pontedeume e Monfero.

Declarado parque natural no ano 1996, quince anos despois, no ano 2014 iníciase a tramitación do PRUX, e non é até o ano 2018 cando se procede á súa información pública, paralizándose posteriormente a súa tramitación até novembro do ano 2022, cando se activa un novo proceso de participación pública, que remata coa aprobación definitiva o dous de marzo de 2023 .

Durante todo este tempo de inacción por parte da Xunta de Galiza, os principais ecosistemas do parque natural polos seus valores naturais víronse moi afectados, fundamentalmente debido á fragmentación do hábitat producida pola intensa actividade forestal vencellada ás plantacións de eucalipto de interese comercial e ás súas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

actividades de explotación que se veñen levando a cabo desde os anos 50 do século pasado.

Cabe sinalar que durante os anos transcorridos nin a veciñanza nin os organismos afectados, nin as asociacións con interese lexítimo, foron informadas sobre o estado ou sorte da tramitación do PRUX, sendo de salientar que o novo documento posto a información pública non incorpore nin dea resposta ás alegacións presentadas ao borrador do ano 2018.

Neste sentido a falta de interese da Xunta de Galiza por garantir un axeitado proceso de información pública plásmase na forma na que se levou a cabo o propio proceso participativo, o que resulta inadmisíbel de todo de punto de vista, e máis aínda tendo en conta que logo se fan 25 anos do inicio do proceso.

O PRUX conta cun programa económico–financeiro ao que se lle asignan para a execución entre o ano 2023 e 2032, unha cantidade total de 3.125.000€, que significan 200.000€ anuais de media, unha cifra semellante á que actualmente a Xunta de Galiza destinada á xestión do parque natural. Este continuísmo no compromiso e previsión de gasto, igual que no que a persoal se refire, deixa en evidencia as declaracións de intencións que o proxecto contén, converténdoo en papel mollado.

A dotación asignada para a xestión dos terreos conta cun montante de 1.1000 €, cifra claramente insuficiente se temos en conta que á propiedade dos montes no ámbito do Parque natural da Fraga do Eume, os montes son na súa meirande parte de titularidade privada (o 79,39%).

Polo dito, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a impulsar un Plan reitor e de xestión de usos para o Parque das Fragas do Eume que incorpore as seguintes medidas e criterios:

1. Garantir que as futuras xeracións podan gozar deste legado natural
2. Favorecer un proceso de participación social real que integre os obxectivos de protección, preservación e promoción dos valores do Parque coas propostas achegadas pola poboación local, nomeadamente propietarios e representación social implicada, con un compromiso efectivo de que o resultado final sexa froito dun consenso
3. Promover a adquisición de parcelas no Parque natural por parte da Xunta de Galiza, así como establecer medidas de compensación directa aos propietarios/as de terras no Parque polas restricións e limitacións de uso, previa inclusión dunha relación de persoas afectadas con expresión do parcelario con referencias catastrais, tipo/causas de afección, e cantidades económicas.
4. Favorecer, potenciar e promover alternativas e cambios de uso para aquelas actividades incompatibles cos obxectivos de protección do Parque.
5. Fixar medidas concretas e cuantificábeis sobre a creación de emprego asociada ás labores de mellora, conservación e mantemento do Parque Natural e vinculadas co desenvolvemento sostíbel deste espazo.
6. Establecer na memoria económico-financeira un plan de financiamento acorde co programa comunitario de “Financiamento da Rede Natura 2000”
7. Ampliar a zona de máxima protección e garantir que o territorio afectado pasará a ser propiedade pública xestionada directamente polo Parque natural.
8. Garantir a seguridade xurídica en relación ás actuacións que poidan levar a cabo os/as propietarios das mesmas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

9. Coordinar o contido deste plan, con outros instrumentos de planificación que lle afecten, para garantir de xeito eficaz o mantemento ou, de ser o caso, o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos hábitats naturais e das especies de flora e fauna de interese para a conservación, tendo en conta as exixencias económicas, sociais e culturais”

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2025

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**

Ramón Fernández Alfonzo

Deputados do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 04/03/2025 13:32:04

Ramón Fernández Alfonzo na data 04/03/2025 13:32:12

Luis Bará Torres na data 04/03/2025 13:32:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Cristina Fernández Davila** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a necesidade de mellorar a atención educativa do alumnado galego garantindo os seus dereitos, tendo en conta ás nenas, nenos e adolescentes con necesidades específicas de apoio educativo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Mentres o Conselleiro de Educación e o Presidente da Xunta alardean de ter o maior porcentaxe de inclusión nas aulas de todo o estado, un 94%, a realidade nos centros educativos é ben distinta e as familias con nenos, nenas e adolescentes que precisan apoios e reforzos levan todo o curso reclamando os docentes precisos para poder seguir o ritmo dos demais compañeiros e compañeiras da aula.

Parece unha burla para estas familias, xa que non existe integración ou inclusión sen recursos, sen profesionais que fagan un seguimento persoal a este alumnado dentro da clase. En tanto, a administración educativa, pretende desviar aos nenos e nenas que precisan maior atención a centros especiais ou a aulas específicas dentro dos centros escolares.

Con menos profesorado estable, sen apoios e reforzos por parte de especialistas para o alumnado NEAE, súmase tamén o incumprimento da Consellería na baixada das ratios e do cómputo dobre ou triplo do alumnado con discapacidade dentro das aulas.

A Consellería de Educación suprimiu este curso o Programa Acompaña, de apoio e reforzo ao alumnado NEAE, mentres implementou o Plan Mega, onde un dos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

programas xa existentes é o PROA+ que este curso ten moitos máis requisitos para a súa concesión e que non solucionou a necesidade extrema de profesorado na maioría dos centros galegos, xa que quedaron sen os docentes que realizaban os reforzos o pasado curso, pero moitos centros están tamén sen os do Plan Proa e cun cadro de persoal incompleto.

Por outra banda, a situación dos departamentos de Orientación é crítica, cunha falta de persoal que é evidente para as comunidades educativas. Orientadoras/es comparten varios centros, sendo incapaces de realizar os informes do alumnado NEAE recén incorporado nun tempo razoable. Iso ten como consecuencia que mentres non está completo o expediente non se lles asigna os apoios ou reforzos necesarios ao novo alumnado. Pero despois, a Consellería tampouco respecta os seus informes como debera, incumprindo a Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes en Galiza.

As especialistas en Pedagogía Terapéutica ou Audición e Linguaxe non son suficientes para atender ao gran número de alumnado que o precisa, que cada curso é maior. Faltan coidadores/as para os nenos e nenas con problemas físicos ou necesidade constante de acompañamento. En moitos casos atenden a varias persoas do centro e nalgúns ocasións reciben ordes para deixar o seu centro temporalmente para atender alumnado doutro, desatendendo así o alumnado que tiña asignado.

En peor situación están os nenos e nenas que precisan un apoio e seguimento dentro das aulas por parte dun/ha especialista en Pedagogía Terapéutica Preferente, sen este recurso non poden seguir o ritmo das súas compañeiras de clase.

Esta situación afecta maiormente a alumnado TEA, TDA, TDAH, Dislexia, etc., pero tamén a aquel vulnerable por outros motivos como son os estranxeiros, en situación de risco de exclusión social, etc.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero se hai un alumnado moi sensible a estas circunstancias que foron enumeradas, é aquel con Síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais. Nenos e nenas que adoecen por dispoñer nos centros ordinarios de todos os apoios, reforzos e especialistas necesarios para cada caso en concreto e gozar así dunha integración e inclusión real. Así nolo fixeron chegar ao BNG as representantes da Federación Down Galicia, preocupadas/os pola situación que se vive na actualidade dentro dos centros educativos sen os recursos necesarios para que esa inclusión reivindicada por todo o colectivo poida ser efectiva e real.

Polo tanto é un dereito do alumnado con Diversidade ter garantida unha educación de calidade e para iso precisa do profesorado de reforzo e especialistas, que indiquen os informes médicos e de Orientación, para poder seguir o ritmo da súa aula.

De pouco importa ter en Galiza un 94% de inclusión se esta non ven acompañada dos recursos precisos para que a atención a todos e cada un dos alumnos/as sexa a que estas precisan.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a, través da Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e FP, e tendo en conta as demandas das direccións e das familias do alumnado NEAE:

1.- Completar os cadros de persoal docente de todos os centros educativos e dotación do profesorado de apoio e reforzo necesario para todo o alumnado.

2.- Incorporar aos centros educativos as especialistas de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe e Auxiliar Coidador/a que posibilite unha atención axeitada ás





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

necesidades de todo o alumnado NEAE matriculado nos centros galegos, sobre todo tendo en conta aqueles que precisan PT preferentes.

3.- Realizar un estudo específico de cada centro escolar das necesidades de docentes e especialistas, actualizando os cadros de persoal se é preciso, vixentes dende o 2009. Información que debe ser pública.

4.- Deseñar un Plan Formativo de calidade para as docentes, específicos para unha atención personalizada do alumnado, con metodoloxías inclusivas, con formacións prácticas nas aulas e acompañamento posterior nos centros, con técnicas e ferramentas axeitadas.

5.- Impulsar nos centros educativos metodoloxías inclusivas (como a aprendizaxe cooperativa, por proxectos, etc.) e o Deseño Universal para a Aprendizaxe.

6.- Implementar Plans e Programas estables no tempo para complementar as necesidades educativas do alumnado máis vulnerable.

7.- Cumprir de inmediato o compromiso de baixada de ratios en todos os cursos e etapas educativas, así como o cómputo na aula do alumnado con discapacidade.”

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2025

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 05/03/2025 10:00:32

Olalla Rodil Fernández na data 05/03/2025 10:04:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ás medidas a tomar pola Xunta para poñer en marcha de inmediato todas as medidas para garantir o coñecemento da lexislación que permite o dereito a morrer dignamente, tanto entre profesionais como poboación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Desde a Asociación Dereito a Morrer Dignamente de Galiza puxéronse en contacto co Bloque Nacionalista Galego para facernos chegar a súa preocupación polos déficits ao querer exercer o dereito a facer o testamento vital como a que o mesmo se inclúa no Rexistro Galego de Instrucións Previas, REGAIP.

O dereito a unha morte digna é moi importante, permite ás persoas plantexarse o seu final e discutir os seus valores co seu entorno familiar e de amizades, asumindo en parte o control do mesmo, aínda cando non estean xa en condicións de decidir.

A loita por unha morte digna forma parte da loita por unha vida digna e no BNG defendemos a necesidade de ter instrumentos legais para conseguir estes obxectivos, que permitan ás persoas avanzar no control da súa vida, en toda a súa extensión.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Conseguir o recoñecemento legal do control da propia vida e da propia morte, ten relevancia para o avance dos dereitos das persoas.

O BNG defendemos a necesidade de legislar para garantir o dereito a unha morte digna, para que cada persoa poida decidir libremente como e onde vivir e tamén como e onde morrer.

A nivel de lexislación téñense dados pasos importantes nesa dirección, aínda que consideramos que hai que seguir avanzando en medidas lexislativas para deixar de penalizar ás persoas que non teñen outra forma aceptábel de evitar o sufrimento que deixar de vivir.

A Lei 3/2001, do 28 de maio, regula o consentimento informado e a historia clínica das persoas doentes, foi obxecto de modificación mediante a Lei 3/2005, do 7 de marzo, para adaptala pola súa vez, á Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica. A Lei 41/2002, reguladora da autonomía do doente reconece o dereito a facer testamento vital. Documento legal no que unha persoa maior de idade, capaz e libre, manifesta anticipadamente a súa decisión sobre os coidados e tratamentos que quere recibir ao final da súa vida e que a súa vontade sexa coñecida e respectada no momento en que non teña capacidade para manifestala.

A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galiza, establece no seu artigo 8.3 que son dereitos relacionados coa autonomía de decisión o de outorgar o consentimento por substitución e o de manifestar as instrucións previas ao abeiro do establecido na Lei 3/2001.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Decreto 259/2007, do 13 de decembro, creou o Rexistro galego de instrucións previas sobre coidados e tratamento da saúde, que serve como un instrumento para facilitar o coñecemento desas instrucións aos profesionais sanitarios, sen que a inscrición no rexistro sexa condición necesaria para a validez do documento.

A Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, afonda nesta garantía do outorgamento das instrucións previas, e para facilitar aos cidadáns a formalización do documento que conteña a súa vontade, establece un terceiro suposto, xa recollido noutras normas autonómicas, que é a posibilidade de outorgalo ante o funcionario ou o empregado público encargado do Rexistro galego de instrucións previas

O decreto 159/2014, do 11 de decembro, que derroga o de 2007, establece a organización e funcionamento do Rexistro galego de instrucións previas sobre coidados e tratamento da saúde. Regula o procedemento de formalización do documento de instrucións previas ante o persoal do rexistro ou ante o persoal das unidades habilitadas no ámbito territorial de cada estrutura organizativa de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde.

En 2015 o Parlamento de Galiza aprobou a Lei 5/2015 de Dereitos e Garantías da Dignidade das Persoas Enfermas Terminais que regula o dereito das galegas e galegos, enfermas terminais a decidir sobre o proceso final da súa vida.

Non estamos polo tanto diante de ausencia lexislativa, mais desde a Asociación Dereito a Morrer Dignamente de Galiza trasládannos que:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Non se están a proporcionar información sobre o testamento vital nin a profesionais nin á poboación, mais alá de estar colgada na páxina web do Sergas.
- Non se coñece a existencia de materiais divulgativos (cartaces, folletos, audiovisuais) nin a súa presenza nos centros sanitarios.
- As unidades habilitadas para formalizar o DIP, Documento de Instrucións Previas, son só 79 e cun reparto moi desigual (A Coruña 39, Lugo 6, Ourense 18 e Pontevedra 39)
- Non se están ditando resolucións da inscrición das DIP, por parte da Secretaría Xeral Técnica, no prazo máximo legal de dous meses, polo que opera practicamente en todos os casos o silencio administrativo.
- Detectan atraso de meses na incorporación do DIP na historia clínica, o que impide e non facilita o coñecemento da existencia do documento a profesionais e polo tanto que sexan respectada e aplicada a vontade de doentes.
- A 31 de decembro de 2024 as DIP inscritas no Rexistro de Instrucións Previas de Galiza era de 20.104, o que supón un 7 por 1000 habitantes, unha das taxas máis baixas do Estado. Navarra, Cataluña ou Euskadi teñen porcentaxes do 22.24 por 1000.

Estes datos poñen en evidencia que a Xunta non fai ningún esforzo por estender o dereito, o que na práctica está a impedir ou dificultar o exercicio do dereito a morrer dignamente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Lei que non se cumpre é papel mollado, e con ese papel mollado estánselle negando, ou dificultando o goce de dereitos ás persoas. O que non se coñece, non se demanda. Os galegos e galegas teñen dereito a decidir sobre o proceso final da súa vida e a administración ten a obriga que garantírllo.

Polas razóns expostas o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a poñer en marcha de inmediato todas as medidas para garantir o coñecemento da lexislación que permite o dereito a morrer dignamente, tanto entre profesionais como poboación. No concreto:

1.- Realizar de inmediato as accións precisas para o cumprimento do establecido na lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas que establece na

Disposición adicional única. Difusión e promoción da lei.

A Xunta de Galiza, no prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, levará a cabo as actuacións precisas tanto para darlle difusión a esta lei entre as e os profesionais e as cidadás e os cidadáns galegos como para promover entre a poboación a realización do documento de instrucións previas.

2.- Aumentar as unidades habilitadas para formalizar o DIP, de xeito que que toda a poboación de Galiza, teña unha próxima ao seu domicilio, e non teña que desprazarse quilómetros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- Realizar a comunicación positiva de Inscripción no Rexistro Galego de Instrucións Previas, na vez de operar o silencio administrativo.

4.- Tras a inscrición no REGAIP, incorporar de inmediato o Documento de Instrución Previas á historia clínica da persoa demandante.

5.- Tomar todas as medidas para que as inscricións de Documentos de Inscripcións Previas no REGAIP, se sitúe na media do Estado.”

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2025

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 05/03/2025 09:59:52

María Montserrat Prado Cores na data 05/03/2025 09:59:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 05/03/2025 10:00:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o recoñecemento do movemento memorialista galego e a súa participación en eventos programados polas institucións.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 25 de febreiro a delegación do goberno central en Galiza organizou unha xuntanza preparatoria da programación “50 anos de España en liberdade” no noso país. Máis alá do carácter propagandístico desta reunión e da valoración que se poida facer deste evento estatal, a realidade é se están producindo claras mostras dunha visión centralista, de escasa participación e de nula sensibilidade en relación co movemento memorialista galego e coa historia de Galiza.

O menosprezo ao asociacionismo memorialista galego reunido arredor da Iniciativa Galega pola Memoria xa se puxo de manifesto na tramitación das propostas de declaración do Pazo de Meirás e da Illa de San Simón como lugares da memoria democrática, ao abeiro do previsto na lei estatal de memoria democrática.

Foron asociacións memorialistas quen solicitaron en xullo de 2024 a declaración de Meirás e San Simón como lugares de memoria histórica democrática. Logo de meses sen resposta, o organismo do goberno central encargado da tramitación das solicitudes devolveunas en outubro argumentando que estaban redactadas en galego. Unha vez rexistradas de novo en español, o goberno central de maneira unilateral e sen ningún





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tipo de comunicación coas entidades solicitantes anunciou a declaración destes dous lugares de memoria. Un xeito de proceder que ignora e menospreza o asociacionismo memorialista galego, que leva moitos anos defendendo os lugares de memoria e especialmente estes dous grandes espazos simbólicos da loita democrática, da represión e da resistencia antifranquista.

Logo destes antecedentes, o goberno central convocou á xuntanza do 25 de febreiro a un reducido grupo de persoas representantes de entidades ou asociacións, algunhas delas integrantes da “Comisión de persoas expertas do Pazo de Meirás” e outras sen que se coñeza o criterio da súa participación. En realidade, o goberno deixou fóra da convocatoria a inmensa maioría de entidades que conforman o movemento memorialista galego e tamén a inmensa maioría das persoas investigadoras e divulgadoras da represión franquista e da loita polas liberdades. Por non falar xa da ignorancia das familias das vítimas, que deberían ser obxecto da máxima consideración e respecto.

A estas alturas pouco se coñece da programación prevista, mais todo parece indicar que responde a unha visión propagandística, parcial e pouco sensíbel coa historia do noso país e coa realidade actual do movemento memorialista.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento acorda como resolución:

1. Expresar o recoñecemento ao movemento memorialista galego e instar a todas as institucións -entidades locais, goberno galego e goberno central- a que escoiten, respecten e teñan en consideración as demandas das asociacións de memoria, das





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

familias da vítimas e das persoas que se dedican á investigación e á divulgación sobre a represión franquista en Galiza.

2. Apoiar o movemento memorialista galego como principal defensor das políticas públicas de memoria e como parte fundamental do recoñecemento dos lugares de memoria en Galiza.

Asemade, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a reclamar de todas as institucións e nomeadamente do Goberno central que, no caso de organizar programacións de memoria histórica, o fagan desde unha perspectiva galega e contando coa participación do movemento memorialista, das familias das vítimas e dunha representación plural do ámbito da investigación e da divulgación.”

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 05/03/2025 10:21:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 05/03/2025 10:26:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Rosana Pérez Fernández** e do deputado **Oscar Insua Lema**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa aos expedientes de reversión de terreos portuarios aos concellos tramitados polo Goberno galego diante do estado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza, practicamente na totalidade dos concellos que teñen dominio portuario, existen terreos que tiveron no seu momento un uso portuario que hoxe xa non teñen, en moitos casos nin sequera usos relacionados co mar dende hai moito tempo.

A Lei 6/2017, de portos de Galiza, con claro afán recadatorio, realizouse de costas ás entidades locais e son moitos os concellos que levan anos expresando o seu malestar polas abusivas tarifas que Portos de Galiza está a cobrar pola realización de actividades no espazo público portuario, que, ao cabo e na maioría dos casos é un espazo totalmente integrado na trama urbana do concello e son as propias entidades locais as que se encargan do seu mantemento, da recollida de lixo, etc.

O BNG demandou en moitas ocasións a reversión desta situación e que aqueles terreos portuarios que teñan un claro uso urbano e non portuario débense reverter aos concellos, proposta que a maioría do Partido Popular no Parlamento nunca apoiou ata que, na lexislatura anterior, comezou a cambiar de discurso e de posición.

En maio de 2023, a propia conselleira de Mar recoñecía en sede parlamentaria que a Xunta de Galiza si quería traspasar eses terreos aos concellos e que incluso contratara unha asistencia técnica para a elaboración de informes individualizados que xustificasen





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en cada caso a innecesariedade dos terreos portuarios e o interese dos concellos. Na súa intervención fixo constar que en 2021 Portos de Galiza contaba con 26 solicitudes de distintos concellos e en 2023 xa era 34 solicitudes, das que decaeron sete. E asegurou que “temos, por tanto, definidos e contabilizados os espazos e ultimamos uns expedientes concretos nos que involucramos aos concellos para que en cada proposta de reversión vaia un compromiso municipal de solicitar a titularidade dos terreos para que o Estado, a través de Costas, non poda poñer ningunha excusa”.

E malia a que os expedientes estaban “ultimados”, foi aínda un ano e medio despois, en novembro de 2024, cando a propia Xunta anuncia que “consensúa coa FEGAMP os criterios para a elección dos terreos portuarios innecesarios que se incluírán na primeira fase de reversións ao Estado”, anuncio que xa fixera no 2018 cando deu a coñecer a creación dunha mesa de traballo Portos de Galiza/FEGAMP “para determinar que zonas portuarias sen ese uso podían pasar a ser municipais”.

Recentemente, no pasado mes de febreiro, o Goberno do Estado, en resposta parlamentaria ao deputado do Bloque Nacionalista Galego no Congreso a respecto da reversión dos terreos en tres concellos da comarca do Barbanza di que “no consta petición alguna de reversión al Estado de terreos adscritos/transferidos de los puertos citados. En consecuencia, tampoco se ha solicitado desafectación y posterior cesión de dichos terrenos a favor de los ayuntamientos”.

De ser así, pois, resultarían inadmisíbeis as moitas declaracións públicas dos distintos responsábeis da Consellaría de Mar e de Portos de Galiza, que levan anos insistindo na complexidade dunha tramitación que, finalmente, nunca se fixo chegar á Administración estatal e que deixan moi en dúbida que nalgún momento tiveran realmente tramitado algunha das 27 solicitudes dos concellos, cuxos expedientes aseguraban ter “ultimados” xa en maio de 2023.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

. Dar conta en sede parlamentar do estado concreto de tramitación de todas e cada unha das solicitudes feitas por distintos concellos galegos para a reversión dos terreos de uso non portuario.

. Remitir de inmediato á Administración Xeral do Estado os expedientes correspondentes aos terreos portuarios acordados coa FEGAMP no pasado mes de novembro para a reversión aos concellos.

. Axilizar sen demora a tramitación de todas aquelas solicitudes dos concellos que aínda non estea concluída.”

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2025

Asdo.: **Oscar Insua Lema**

Deputado do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 05/03/2025 10:39:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Óscar Insua Lema na data 05/03/2025 10:49:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Sonia Vidal Lamas** e do deputado **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre medicamentos veterinarios.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A entrada en vigor recentemente do Real Decreto 666/23 do 18 de xullo no Estado Español regula a distribución, prescrición, dispensación e uso dos medicamentos veterinarios e ten como orixe a transposición do Regulamento Europeo 2019/6, que establece as normas relativas á introdución no mercado, fabricación, importación e exportación, subministro, distribución, farmacovixilancia, control e uso dos medicamentos veterinarios.

Dito Regulamento e o posterior Real Decreto teñen como obxecto garantir o uso responsable e prudente dos antimicrobianos en animais, tanto de produción, onde xa se leva aplicando anos, coma no caso que nos compete, os animais de compañía, nunha loita contra as resistencias microbianas que causan graves problemas en sanidade humana. Hai que lembrar, que os tratamentos de animais de compañía representan menos do 1% de antimicrobianos usados en veterinaria e a loita contra as resistencias non é nada novo para os profesionais do gremio. Tanto é así que, coa implantación do PRAN (Plan Nacional fronte a Resistencias Antibióticas), xa se reduciu o uso de tratamentos antimicrobianos en explotacións nun 56% entre o 2014 e o 2020. Pola súa parte, a Organización Colexial Veterinaria confirmou que o Estado Español foi onde





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mais se diminuíu no uso destes antimicrobianos no conxunto de Europa, reducíndose un 69,5% en sanidade animal no período comprendido entre o 2014 e o 2022.

A pesares de que xa fai meses da súa entrada en vigor, o RD 666/2023, está de actualidade pola súa Disposición Final Quinta que comezou a ser aplicada a partires do pasado 2 de xaneiro de 2025, segundo o disposto no artigo 39.1 no relativo á comunicación dos datos das prescricións veterinarias de antimicrobianos para animais de compañía. Foi dende ese momento cando os profesionais veterinarios comezaron a ter que levar a cabo a súa labor baixo dita normativa, feito que aumentou moito a burocracia nas clínicas veterinarias sen ter en conta a súa realidade diaria e a falla de estrutura para levar a cabo este aumento de traballo de rutina e puxo na ecuación sancións con contías económicas pouco asequibles no caso de darse erros ou non traballar conforme a unha normativa coa que non están de acordo na forma na que se aplica.

Este malestar entre os veterinarios/as débese, entre outros factores, ás medidas especialmente restritivas impostas no conxunto do estado, maiores en moitos casos que no resto da UE, de xeito que con este RD 666/2023 se resta flexibilidade para o tratamento de animais e se crean restricións inaplicables segundo os profesionais e as súas organizacións. Nese senso, o regulamento do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro de 2018, tan só obriga á realización dun exame clínico ou unha avaliación adecuada do estado de saúde do animal ou grupo de animais por parte do veterinario antes de que se expida unha receita veterinaria. Pola contra, no caso do RD 666/2023, a través do seu artigo 33, implántase a obrigatoriedade de contar cun exame laboratorial recente para a xustificación do uso de determinados grupos antibióticos, co que iso implica a nivel de tempo de agarda polos resultados e de falla de respecto do criterio clínico de quen prescribe, que se ve totalmente coartado, desprezando a experiencia e criterio deste colectivo. Non menos importante é que os veterinarios e veterinarias deberán adaptarse ás fichas técnicas dos medicamentos, sen poder escoller





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de xeito razoado e segundo criterio propio cal administran, o que pode aumentar os desabastecementos, dar lugar a sobrantes innecesarios que os propietarios almacenarán nos seus fogares , e aumentar os custos, feito que se agrava ao non poder administrar dende o botiquín veterinario da propia clínica o tratamento preciso para cada caso, excepto que se trate de medicamentos en situación de desabastecemento nas comerciais farmacéuticas próximas.

As reclamacións fan fincapé na imposibilidade de actuar conforme á normativa no desenvolvemento diario da actividade, con retrasos nos comezos dos tratamentos que implican graves consecuencias para os animais e cunha presión administrativa e a nivel de sancións excesiva, que os profesionais non son capaces de asumir.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a demandar do Goberno do Estado:

1. A suspensión temporal da aplicación do Real Decreto 666/2023 do 18 de xullo co obxecto de abrir un proceso de diálogo e comunicación cos profesionais veterinarios para chegar a acordos en canto ao seu contido e a súa aplicación.

2. A modificación do RD 666/2023 para que o xuízo clínico derivado da habilitación que de xeito único e exclusivo ten o profesional veterinario pola súa formación específica prevaleza sobre a información das fichas técnicas dos medicamentos de uso veterinario.

3. A modificación RD 666/2023 do 18 de xullo de xeito que e os cultivos bacterianos se realicen nos casos nos que o propio facultativo os considere precisos para a súa boa labor veterinaria e para a prescrición do antimicrobiano que corresponda.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. A modificación do RD 666/2023 do 18 de xullo para que os facultativos veterinarios teñan capacidade de escoller a antimicrobiano que consideren sen que sexa necesario ir escalando categorías de antibióticos en función da súa efectividade, sen atrasar así o tratamento correcto e sen agravar o estado do animal en cuestión.

5. Que permita a venda dos medicamentos precisos para o tratamento dos animais por parte do botiquín clínicas veterinarias, evitando aumentar custos e reducir a presenza de sobrantes nos fogares.

Asemade, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a que desenvolva a competencia conferida que establece o artigo 149.1.16 para desenrolar medidas complementarias ás bases e coordinación que establece o RD 666/2023 do 18 de xullo ao respecto ao artigo 33 e 39 do mesmo.”

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2025

Asdo.: Ariadna Fernández González

Sonia Vidal Lamas

Secundino Fernández Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ariadna Fernández González na data 05/03/2025 12:04:50

Sonia Vidal Lamas na data 05/03/2025 12:09:17

Secundino Fernández Fernández na data 05/03/2025 12:09:41

Luis Bará Torres na data 05/03/2025 12:09:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Daniel Castro García** e da deputada **Mercedes Queixas Zas** e, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a cobertura de baixas na EOI de Pontevedra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra vén sufrindo diferentes problemas na substitución de baixas do profesorado, que no presente ano 2025 afectan a catro grupos de inglés e outros tantos de portugués.

No caso da materia de inglés, o alumnado estivo sen docente desde o remate das vacacións do Nadal até o 17 de febreiro. No caso da materia de portugués, están sen docente desde o 27 de xaneiro (xa levan máis de un mes sen aulas) e non se prevé que se cubra de inmediato. Ademais, nesta asignatura o curso pasado o alumnado estivo 2 meses sen profesor/a.

Esta situación pon de manifesto unha clara falta de previsión por parte da administración educativa e ten como consecuencia un deterioro da calidade educativa e mesmo da imaxe e o prestixio das escolas de idiomas, que sofren ademais outras carencias e problemas.

Segundo fontes da consellaría de Educación a non cobertura da baixa na materia de portugués débese "á falta de persoas nas listaxes de chamamentos **que queiran aceptar este posto**". En declaracións ao Diario de Pontevedra estas fontes sinalaron que "se puxo en marcha un proceso de apertura das listaxes de profesorado que rematou o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

venres 21 de febreiro”. Mais á altura do día 3 de marzo aínda non se resolvera esta carencia, polo que o alumnado convocou unha concentración de protesta.

Para o BNG non está xustificado este retraso e por iso demandamos que se tomen as medidas, tanto estruturais como puntuais, para resolver con axilidade as substitucións do profesorado de baixa prolongada.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O parlamento insta á Xunta a cubrir de maneira inmediata as baixas de profesorado de inglés e portugués na EOI de Pontevedra.”

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 05/03/2025 12:47:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 05/03/2025 12:48:55

Daniel Castro García na data 05/03/2025 12:49:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Ramón Fernández Alfonzo** e das deputadas **Alexandra Fernández Gómez** e **Montserrat Prado Cores**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galiza para promover unha liña de subvencións para a retirada do amianto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Organización Mundial da Saúde (OMS) é clara na determinación de que non se coñece un nivel de exposición ás fibras do amianto que non impliquen risco. Os materiais que conteñen amianto (MCA) considéranse, polo tanto, como un problema de saúde pública, laboral e medioambiental.

O risco será maior nas instalacións degradadas, nas superficies nas que aparezan fendas, ou nas deterioradas polos efectos da auga, e debemos salientar que historicamente o risco da exposición ambiental ao amianto ten sido infravalorado, polo que non actuar a tempo, cos niveis de coñecemento actual do risco, é unha absoluta irresponsabilidade.

Compre que o goberno galego impulse accións directas, efectivas e coordinadas para garantir a seguridade do conxunto da sociedade nunha situación de exposición pasiva ao amianto, provocada polo deterioro das infraestruturas que conteñen amianto, a manipulación incorrecta dos MCA, así como o abandono e a mala xestión dos residuos de amianto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A disposición adicional 14ª da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e chans contaminados para unha economía circular, establece que *“no prazo 1 ano desde a entrada en vigor da lei, os concellos elaborarán un censo de instalacións e emprazamentos con amianto, incluíndo un calendario que planifique a súa retirada. Tanto o censo como o calendario, que terán carácter público, serán remitidos ás autoridades sanitarias, medioambientais e laborais competentes das comunidades autónomas, que deberán inspeccionar para verificar, respectivamente, que se teñan retirado e enviado a un xestor autorizado. Esa retirada priorizará as instalacións e emprazamentos atendendo ao seu grao de perigosidade e exposición á poboación máis vulnerábel. En todo caso as instalacións ou emprazamentos de carácter público con maior risco deberán estar xestionadas antes do 2028”*.

Parece obvio o inxente traballo que temos por diante, e sobre todo a súa tremenda complexidade a nivel técnico, mais tamén a nivel de coordinación das diferentes administracións públicas.

A lei establece unhas obrigas moi concretas e moi difíciles de cumprir para os concellos do noso país, tanto para elaborar o censo como para retirar o amianto das instalacións da súa propiedade. E non podemos esquecer que todos eles viven xa nunha situación orzamentaria moi complicada.

Establece tamén a obriga para a Xunta de Galiza de verificar e inspeccionar o cumprimento desas obrigas dos concellos, así como a retirada do amianto das instalacións que sexan titularidade do goberno galego, entre as que hai que destacar multitude de centros de ensino que pola data da súa construción conteñen amianto. A este respecto debemos facer fincapé en que existen estudos que consideran á poboación infantil como poboación especialmente vulnerábel.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E non podemos esquecer o custe económico que para dar cumprimento a esta lei van ter que asumir todas as persoas particulares propietarias de inmobles nos que existan elementos que conteñan amianto. Custes de retirada dos correspondentes plans de traballo especiais para o tratamento do amianto, do transporte e máis do depósito nos vertedoiros autorizados, e que poden desincentivar a retirada do amianto e a súa segura e correcta xestión.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:

1. Elaborar un Plan de erradicación do amianto en colaboración con todas as administracións, que poña a disposición dos concellos o asesoramento técnico necesario e que marque prioridades de actuacións.
2. Dotalo dun fondo económico para financiar os custes da execución do Plan de erradicación.
3. Mentres non se activan as actuacións do Plan, lanzar cando menos dúas liñas de subvencións, unha destinada axudar economicamente aos concellos para elaborar os censos e retirar o amianto das instalacións da súa propiedade, e outra destinada a axudar economicamente ás persoas particulares que teñan que retirar o amianto das súas propiedades.”

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Alexandra Fernández Gómez

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 05/03/2025 13:22:56

Alexandra Fernández Gómez na data 05/03/2025 13:28:05

María Montserrat Prado Cores na data 05/03/2025 13:28:40

Rosana Pérez Fernández na data 05/03/2025 13:28:58



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativas das deputadas e deputados, **Nicole Grueira Fernández, Encarna Amigo Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Casares Gándara, José Manuel Mato Díaz, Angel Rodríguez Conde, Cecilia Vázquez Suárez e Miguel A. Viso Diéguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

No pasado mes de outubro de 2024, Galicia sufriu os devastadores efectos do temporal Kirk, que, con rachas de vento superiores aos 100 km/h e choivas intensas, arrasou numerosas explotacións agrícolas e gandeiras en toda a comunidade. As consecuencias deste fenómeno meteorolóxico sumáronse as adversas condicións climatolóxicas do último trimestre do ano, caracterizadas por precipitacións persistentes e intensas que causaron un impacto negativo e devastador, provocando numerosos danos nas terras galegas.

Os efectos negativos destes temporais foron especialmente severos en comarcas como a da Terra Chá, en Lugo, onde extensas parcelas quedaron totalmente arrasadas, perdéndose colleitas enteiras que aínda estaban sen recoller. Ademais, as anegacións prolongadas do terreo impediron que os produtores puidesen realizar os traballos necesarios para a preparación do solo e a nova sementeira nos prazos establecidos. Isto provocou non só perdas económicas directas, senón tamén un atraso significativo no ciclo produtivo das explotacións afectadas.



Un dos principais prexuízos derivados desta situación é a imposibilidade de cumprir coa rotación de cultivos establecida na normativa da BCAM 7 da Política Agraria Común (PAC), un criterio fundamental para a percepción das axudas. Debido ao estado das parcelas provocadas polas consecuencias climatolóxicas, moitos gandeiros e agricultores non puideron acceder ás súas terras nin levar a cabo as rotacións correspondentes, colocándoos nunha situación de vulnerabilidade fronte ás penalizacións asociadas ao incumprimento deste requisito.

Dada as consecuencias dos desastres meteorolóxicos no sector primario galego, resulta necesario a involucración das administracións públicas a establecer mecanismos de excepción ou adaptación, que permitan paliar os efectos desta crise, protexendo así o tecido produtivo e garantindo a viabilidade da actividade agrícola e gandeira en Galicia.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España a adoptar con urxencia as medidas necesarias para flexibilizar a aplicación da BCAM 7 da PAC, de modo que os produtores afectados polas circunstancias excepcionais derivadas do temporal Kirk e polas condicións climatolóxicas adversas do último trimestre do 2024 non sexan penalizados por non cumprir os criterios que marca a normativa debido a causas alleas á súa vontade e que poidan recibir con normalidade ás axudas da PAC, fundamentais para a continuidade das súas explotacións.”

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 05/03/2025 13:23:58

Nicole Grueira Fernández na data 05/03/2025 13:24:16



María Encarnación Amigo Díaz na data 05/03/2025 13:24:27

Enrique Barreiro Sánchez na data 05/03/2025 13:24:37

Cristina Campero Dorado na data 05/03/2025 13:24:54

Juan Manuel Casares Gándara na data 05/03/2025 13:25:07

José Mato Díaz na data 05/03/2025 13:25:19

Ángel Rodríguez Conde na data 05/03/2025 13:25:39

Cecilia Vázquez Suárez na data 05/03/2025 13:25:49

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 05/03/2025 13:26:00



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle, Magdalena Pérez Millares, Juan Casares Gándara, Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Manuel Santos Costa, Cristina Sanz Arias e Gonzalo Trenor López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O Consello de Ministros ven de aprobar o anteproxecto de lei para reformar dúas normas ao mesmo tempo: a Lei de promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia, e a Lei Xeral de Dereitos das Persoas con Discapacidade e da súa Inclusión Social. A pesar de que son as Comunidades as que teñen a maior parte das competencias, o Goberno central impón unha reforma lexislativa sen nin sequera consultala nin coordínala coas Administracións autonómicas e locais.

Aínda que Galicia xa conta con boa parte dos cambios que se queren realizar, hai outros que non se entenden que se queiran poñer en marcha sen ter en conta nin a Comunidades nin a Concellos, principais afectados.

Algúns dos cambios que quere facer o Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 afectan directamente á xestión doutras administracións e leva consigo uns costes importantes que non se contemplan. Por exemplo:

- O servizo de axuda a domicilio esténdese a actuacións na contorna comunitaria que van máis aló das necesidades de coidado persoal e domésticas;
- E recoñécese a teleasistencia como un dereito universal para todas as persoas en situación de dependencia que residan no seu domicilio.



É moi significativo que, con estes cambios que levan aparelado un incremento importante do financiamento, este anteproxecto non veña acompañado dunha memoria económica que non valora canto vai costar poñer en marcha todos estes dereitos e servizos, e sobre todo como se vai a custear. Unha vez máis, o Goberno central convida e os demais pagan.

O ministro Bustinduy esquecese de que para que unha medida se poida poñer en marcha fan falta recursos que os acompañen. E este anteproxecto non vai acompañado de financiamento, o que supón que os que teñen que aplicar as medidas, é dicir, os concellos e as Comunidades Autónomas, ven incrementado o seu gasto considerablemente.

Recordemos que xa en xullo do ano 2023 o Executivo de Pedro Sánchez publicou no BOE o 19 de xullo de 2023, catro días antes das eleccións xerais, e sen avisar as Comunidades Autónomas, o Real Decreto 675/2023, de 18 de xullo, polo se modifica o Real Decreto 1051/2013, de 27 de decembro, polo que se muda o sistema e as prestacións á dependencia en España. Un documento de tan so 6 páxinas, nas que se incrementan as intensidades do SAF para cada grado, se establecen importes mínimos onde non había, pero de financiación non se fala.

O Goberno do Señor Sánchez non ten en conta se os concellos teñen persoal cualificado para, por exemplo, realizar actuacións fora do domicilio da persoa dependente ou mesmo si os contratos de adxudicación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) contemplan esa posibilidade.

Unha vez máis o Executivo de Pedro Sánchez o único que busca e cargar de obrigas e deberes ás Administracións autonómicas e locais sen achegar fondos.

Unha vez máis temos que recordar que o Goberno central adebeda a todos os galegos máis de 2.500 M€ por non cumprir co que establece a Lei de dependencia, que lle obriga a financiar o 50% do custo dos servizos. Unha cifra que medra ano tras ano.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que:



1. Dote a anteproxecto de lei da financiación necesaria para poder facela efectiva tendo en conta que foi aprobada sen contar coas Comunidades autónomas nin cos concellos que son, en definitiva, os que terán que executala.
2. Reverta o problema estrutural de financiamento do sistema de dependencia, que é mantido na súa maioría polas Comunidades.
3. Cumpra co establecido na Lei de Dependencia, que lle obriga a financiar o 50% do custo dos servizos e salde a débeda acumulada con Galicia que a día de hoxe supera os 2.500 millóns de euros”.

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 05/03/2025 13:40:15

Raquel Arias Rodríguez na data 05/03/2025 13:40:29

Noelia Pérez López na data 05/03/2025 13:40:41

María Encarnación Amigo Díaz na data 05/03/2025 13:40:59

Víctor Baladrón Lamas na data 05/03/2025 13:41:07

Nicole Grueira Fernández na data 05/03/2025 13:41:19

Dolores Hermelo Piñeiro na data 05/03/2025 13:41:30

Argimiro Marnotes Fernández na data 05/03/2025 13:41:40

Ethel Vázquez Mourelle na data 05/03/2025 13:41:52

Maria Magdalena Perez Millares na data 05/03/2025 13:42:08

Juan Manuel Casares Gándara na data 05/03/2025 13:42:14

Miguel Fidalgo Iglesias na data 05/03/2025 13:42:25

Julio García Comesaña na data 05/03/2025 13:42:36



Patricia García González na data 05/03/2025 13:42:49

Manuel Santos Costa na data 05/03/2025 13:43:17

Cristina Sanz Arias na data 05/03/2025 13:43:28

Gonzalo Trenor López na data 05/03/2025 13:43:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Iago Suárez Fernández** e da deputada **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a inexistencia do servizo de HADO no Hospital de Monforte de Lemos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Hospitalización a Domicilio (HADO) é un servizo útil e necesario que a Consellaría de Sanidade e a Xunta de Galiza deben potenciar e reforzar para asegurar unha atención sanitaria de calidade a toda a poboación galega independentemente da súa condición. Así, todos os hospitais galegos deberían contar cun profesional médico específico para o HADO.

Infelizmente na actualidade isto non é así xa que o Hospital Comarcal de Monforte de Lemos é o único de Galiza que non conta cunha praza de médico de HADO como tal. Segundo puido saber o Grupo Parlamentar do BNG nestes momentos estase xestionando polo servizo de Medicina Interna en vez de contar con médico propio, con todas as consecuencias que isto ten non só para a atención aos doentes, senón tamén para o propio cadro de persoal.

O de Monforte é, por causa da xestión da Xunta, o único hospital galego que incumpre o decreto 34/2021 do 11 de febreiro de 2021 publicado no DOG polo que se crea a categoría de HADO. Isto dá boa conta das profundas eivas que a xestión sanitaria do Goberno galego está a crear nos hospitais de zonas deprimidas demograficamente como é o sur de Lugo. A falta de bos servizos sanitarios nun lugar envellecido pode ser devastadora e debe ser prioridade absoluta dun goberno pórle solución á maior





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

brevidade posible. Pódese dicir que Xunta incumpre co sur de Lugo e co seu Hospital de referencia, e o HADO é un caso clarísimo desta falta de compromiso que é preciso solventar.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a dotar o Hospital Comarcal de Monforte de Lemos dunha praza específica de médico HADO antes da fin do actual período de sesións.”

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2024

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 05/03/2025 16:57:32

Iria Carreira Pazos na data 05/03/2025 16:57:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 05/03/2025 16:58:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a valoración do goberno galego sobre o canon eólico, os seus resultados e previsións a medio prazo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza impulsou no ano 2009 a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galiza e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

Dentro desta lei, no seu título III regula o canon eólico e o fondo de compensación ambiental. O canon eólico, gravaba orixinalmente o número de aeroxeradores establecendo un tramo exento e tres tramos con pagamentos unitarios crecentes segundo se incrementa o número de aeroxeradores. Dito imposto fornece, excluídos os gastos de xestión, o denominado Fondo de Compensación Ambiental, que se reparte por dúas vías . Unha, para os municipios directamente afectados polas instalacións dos aeroxeradores e as súas poligonais e infraestruturas. Outra, para a totalidade dos concellos galegos, por vía competitiva. A lei direcciona as actuacións financiábeis para aquelas “ comprendidas en aplicacións orzamentarias que teñan entre as súas finalidades a protección do medio e do contorno natural, a súa conservación, reposición e restauración, así como o fomento da investigación dirixida á mellora na eficiencia do aproveitamento dos recursos das enerxías renovables”. Anualmente a Xunta emite unha orde mediante a cal regula os criterios de repartición e establece bases reguladoras e a convocatoria das subvencións do Fondo de Compensación





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ambiental en réxime de concorrencia non competitiva e concorrencia competitiva, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida. A contía aproximada adoita rondar os 11 millóns de euros, a metade aproximadamente do recadado polo canon eólico.

Logo de numerosas e reiteradas iniciativas do BNG para que se actualizase o canón eólico, dado que a actualización tecnolóxica dos aeroxeradores, que segundo avanza os anos incrementan a súa densidade enerxética, e polo tanto, os obxectivos do canon eólico quedan diluídos. O Partido Popular, a través da lei de acompañamentos dos orzamentos 2025, nunha auto emenda modifica o canon eólico cambiando a base impoñible do mesmo de número de xeradores á altura dos mesmos, cun tipo de gravame de 75 € por metro.

Esta altura mídese dende a base do aeroxerador ata a punta do aspa na súa posición máis elevada.

Xa é un feito recorrente que o Partido Popular utilice a lei de acompañamentos como subterfuxio para modificar leis fundamentais do ordenamento xurídico galego, evitando así debate cos grupos do parlamento e nula escoita aos sectores afectados, mesmo á sociedade galega.

Logo de no primeiro trimestre do ano 2025 diversos promotores solicitasen a repotenciación de parques con máis de 25 anos de funcionamento, podemos ir simulando a recadación do canon eólico baixo a actual redacción, e comparalo coa recadación anterior.

As simulacións feitas amosan unha perda de ingresos para a Xunta de Galiza, e por tanto, para os concellos afectados dun 64%.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tampouco coñecemos como se vai efectuar o reparto do fondo de compensación ambiental, dado que o artigo 25 da lei 8/2009 é suficientemente ambiguo para que non se poida saber a priori como se repartirá o canon eólico entre os concellos afectados.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:

1. Abrir un proceso de modificación do actual Canón Eólico e Fondo de compensación ambiental, a través dun proceso participativo onde os concellos teñan un especial protagonismo.
2. Que o novo Canón Eólico teña en conta a evolución tecnolóxica dos aeroxeradores, fixando criterios que teñan en conta a densidade enerxética dos mesmos.
3. Que o reparto entre os concellos sexa proporcional á potencia de enerxía eólica instalada en cada municipio.
4. Que se modifique a finalidade dos investimentos que permite realizar o Fondo de compensación ambiental aos concellos, establecendo criterios de sostibilidade ambiental e financeira.”

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2025

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**

Brais Ruanova Vilas-Boas

Ramón Fernández Alfonso





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 06/03/2025 10:02:48

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 06/03/2025 10:09:35

Ramón Fernández Alfonzo na data 06/03/2025 10:10:05

Ana Pontón Mondelo na data 06/03/2025 10:10:23





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Este grupo parlamentario en relación coa praga do nematodo do Pino presentaba unha proposición non de lei na que instaba o Goberno a que elaborase un plan de actuacións para a consecución de piñeiros resistentes ou tolerantes ao nematodo do piñeiro, e un plan de actuacións para que esta planta de piñeiro estea a disposición dos propietarios forestais e empresas de reforestación para o seu uso efectivo nas repoboacións forestais.

A esta praga vén a unirse outra enfermidade dos pinos no norte de Galicia, coñecida como a enfermidade das bandas.

Debido a diversas circunstancias os pinares foron perdendo superficie no monte galego ao longo dos últimos 15 anos, segundo sinala a Fundación Arume, indicando que se perderon 140.000 ha. de coníferas nos últimos 15 anos, problema que se vén agravando pola incidencia das bandas, que afectan fundamentalmente ao pino Radiata, que supón un 50 % das talas de coníferas en Galicia.

Por iso, a fundación propón distintas medidas que comprenden:

1.Un plan de choque que debe pasar, en primeiro lugar, pola declaración de emerxencia sanitaria nos pinares radiata.





Desta forma poderíase abrir a vía para poder aplicar de forma urxente tratamentos preventivos gratuítos contra a banda en montes privados.

2. A declaración de utilidade pública dos tratamentos en áreas estratéxicas, de forma que sexa posible o acceso e actuación da Administración nos terreos privados por causas de interese xeral.

3. A obtención de plantas resistentes a enfermidade das bandas, activando de forma urxente protocolos para a detección, nos montes mais afectados, de árbores que sexan resistentes as bandas, para estudalos, e se é posible, para incorporalos os programas de mellora.

4. Reforzar os servizos de sanidade forestal da Consellería do Medio Rural que carecen dos medios suficientes.

5. Impulsar o Centro de investigación forestal de Lourizán dependente da Consellería de Economía.

6. Introducir a variedade do Pino Taeda nas zonas afectadas.

7. Instalar parcelas con metodoloxía de ensaio científico e importar de xeito controlado semente de piñeiro Taeda que pode ser unha alternativa ao Rdiata.

8. Realizar un estudo dun cambio de modelo en relación coas axudas públicas aos silvicultores.

9. A creación dun equipo multidisciplinar que estude a ecoloxía do patóxeno das bandas.

Ante a situación de regresión manifesta dos pinares en Galicia e o impacto na industria da madeira que depende da dispoñibilidade de materia prima, o





Grupo Parlamentario Socialista entende, que o Goberno galego debe actuar ante esta grave problemática de forma urxente, e por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a elaborar un plan de choque para as coníferas que inclúa os puntos seguintes:

1. A declaración de emerxencia sanitaria nos pinares Radiata.
2. A declaración de utilidade pública dos tratamentos en áreas estratéxicas, de forma que sexa posible o acceso e actuación da Administración nos terreos privados por causas de interese xeral.
3. A obtención de plantas resistentes a enfermidade das bandas , activando de forma urxente protocolos para a detección, nos montes mais afectados, de árbores que sexan resistentes as bandas, para estudalos, e se é posible, para incorporalos os programas de mellora.
4. Reforzar os servizos de sanidade forestal da Consellería do Medio Rural que carecen dos medios suficientes.
5. Impulsar o Centro de Investigación Forestal de Lourizán dependente da Consellería de Economía.
6. A creación dun equipo multidisciplinar que estude a ecoloxía do patóxeno das bandas.
7. Introducir a variedade do pino Taeda nas zonas afectadas.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2025 10:51:39
Nº Rexistro: 21291
Data envío: 06/03/2025 10:51:39.171

8. Instalar parcelas con metodoloxía de ensaio científico e importar de xeito controlado semente de piñeiro Taeda que pode ser unha alternativa ao Radiata.

9. Realizar un estudio dun cambio de modelo en relación coas axudas públicas aos silvicultores.

Parlamento de Galicia, 5 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 06/03/2025 10:25:54

Lara Méndez López na data 06/03/2025 10:26:57

José Ramón Gómez Besteiro na data 06/03/2025 10:27:11

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

73035

@PSdeG



CSV: BGREBQ-32038ZID0M8vE-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Brais Ruanova Vilas-Boas e Xosé Manuel Golpe Acuña**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o control público da Sociedade Recursos de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sociedade Recursos de Galiza (RDG) deuse a coñecer publicamente en novembro de 2023 a través de diversos comunicados na prensa.

Esta sociedade creábase ao abeiro da, naquel momento futura, *Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galiza*, como peza fundamental no desenvolvemento de dita lei, para a promoción de diferentes proxectos relacionados co aproveitamento dos recursos naturais galegos.

Polo tanto creábase primeiro a sociedade privada-pública, sen tan sequera ter aprobada a lei que regularía o aproveitamento de recursos para beneficio social e económico, e a gravidade disto radica en que dita sociedade é creada en exclusiva para o desenvolvemento material de dita lei.

Cómpre salientar que o que se coñece de RDG ven a través de notas de prensa do Goberno Galego e de novas en diferentes medios, xa que dita sociedade, ao estar participada unicamente nun 30% pola administracións, queda fóra do entorno de control e da rendición de contas da *Lei 16/2010 de ordenación e funcionamento do sector público autonómico (LOFAXGA)*.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

RDG artículase pois, en propias palabras do Goberno Galego e a través da información da súa propia páxina web, na promoción de proxectos de produción de enerxía a partir de fontes renovables, a promoción de dereitos, concesións e proxectos de explotación mineiros e proxectos que requiren a utilización de auga.

Polo tanto queda en mans privadas, cun control minoritario por parte do Goberno Galego, apenas o 30%, aquelas decisións sobre os proxectos que teñen a ver cos recursos e a xestión dos mesmos, ao que se suma a opacidade total sobre a elección do presidente e do conselleiro delegado de RDG.

Para os grupos parlamentarios da cámara faise complexo poder ter acceso a información relativa a RDG e a súa fiscalización queda excluída do entorno do sector público a pesar de ser unha sociedade que vai ter unha alta incidencia no desenvolvemento da política industrial e de recursos de Galiza.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno Galego a dirixirse á Sociedade Recursos de Galiza para que cumpra coas recomendacións feitas no último informe de fiscalización do sector público autonómico presentada polo Consello de Contas no que se refire a ter total transparencia da súa actividade ante este órgano dada a incidencia desta sociedade na política industrial e de recursos de Galiza.”

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2025

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Manuel Golpe Acuña

Deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 06/03/2025 13:29:22

José Manuel Golpe Acuña na data 06/03/2025 13:35:07

Ana Pontón Mondelo na data 06/03/2025 13:35:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as contencións mecánicas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A contención mecánica é a acción pola que se inmoviliza a unha persoa, habitualmente a través de correas de suxeición, para fixala a unha cama. Esta práctica posúe características terapéuticas de ningún tipo, mais pola contra, si que supón importantes consecuencias físicas e psicolóxicas, sendo unha das máis traumáticas a curto, medio e longo prazo, e afectando tanto ás persoas que sofren a contención coma tamén incluso ás persoas que se ven obrigadas a practicalas.

Aínda que non existe unha normativa específica para regular o uso das contencións mecánicas no Estado español nin en Galiza, si que existen recomendacións de organizacións supraestatais, así coma outra lexislación que cómpre ter presente a este respecto. Por exemplo, no Estado español, a lei orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e adolescencia fronte á violencia, recolle a prohibición explícita, nos centros de protección, do uso da contención mecánica, establecéndose como prioridade as técnicas de desescalada verbais e marcando os límites de uso da contención física.

Nesta liña, existen actualmente diferentes experiencias na redución e erradicación da contención a nivel internacional con resultado positivo na redución de contencións ata chegar a contar con centros libres de contención. No Estado español, o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Parc Sanitari de San Joan de Deu conseguiu en 2020 a acreditación Libera-Dignos, da Fundación Coidados Dignos por reducir a contención practicamente a cero. Tamén Andalucía conta con experiencias de obxectivos de redución da coerción, e hai outras en marcha actualmente no Hospital Universitari Germans Trías i Pujol e no Hospital Sant Pau.

Aínda que nos últimos anos se teñen feito certos avances no que se refire ao recoñecemento institucional da necesidade de erradicar as contencións cero, o certo é que as medidas implantadas son de todo punto insuficientes como para ter impacto real a nivel asistencial e de garantía do respecto aos dereitos humanos.

O Movemento Galego da Saúde Mental (MGSM) é unha organización que leva unha década traballando para denunciar a vulneración de dereitos humanos no eido da saúde mental e para esixir a súa garantía, sendo un dos campos de traballo a erradicación da contención mecánica. Nesta liña fixo público o Documento marco para a elaboración dun Plan Galego de Erradicación do uso das contencións mecánicas nos Servizos de Saúde Mental, no que se recollen unha serie de propostas para lograr o obxectivo da contención cero.

. Dende aquela data, houbo máis solicitudes por parte dos concellos? De ser así, caís exactamente?

. Que traballos levou a cabo a mesa de traballo constituída coa FEGAMP no 2018?

. Que valoración fai da resposta parlamentaria dada ao Bloque Nacionalista Galego no Congreso dos Deputados no pasado mes de febreiro? Corrobora o que nela se afirma?

. Cando vai achegar á Administración Xeral do Estado os expedientes de reversión de terreos portuarios acordados coa FEGAMP no mes de novembro?

. En que situación están o resto dos expedientes e cando van ser remitidos ao Estado?

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2025

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Oscar Insua Lema

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 05/03/2025 10:46:51

Óscar Insua Lema na data 05/03/2025 10:49:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Prado Cores, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galiza para promover unha liña de subvencións para a retirada do amianto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Organización Mundial da Saúde (OMS) é clara na determinación de que non se coñece un nivel de exposición ás fibras do amianto que non impliquen risco. Os materiais que conteñen amianto (MCA) considéranse, polo tanto, como un problema de saúde pública, laboral e medioambiental.

O risco será maior nas instalacións degradadas, nas superficies nas que aparezan fendas, ou nas deterioradas polos efectos da auga, e debemos salientar que historicamente o risco da exposición ambiental ao amianto ten sido infravalorado, polo que non actuar a tempo, cos niveis de coñecemento actual do risco, é unha absoluta irresponsabilidade.

Compre que o goberno galego impulse accións directas, efectivas e coordinadas para garantir a seguridade do conxunto da sociedade nunha situación de exposición pasiva ao amianto, provocada polo deterioro das infraestruturas que conteñen amianto, a manipulación incorrecta dos MCA, así como o abandono e a mala xestión dos residuos de amianto.

A disposición adicional 14ª da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e chans contaminados para unha economía circular, establece que “no prazo 1 ano desde a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

entrada en vigor da lei, os concellos elaborarán un censo de instalacións e emprazamentos con amianto, incluíndo un calendario que planifique a súa retirada. Tanto o censo como o calendario, que terán carácter público, serán remitidos ás autoridades sanitarias, medioambientais e laborais competentes das comunidades autónomas, que deberán inspeccionar para verificar, respectivamente, que se teñan retirado e enviado a un xestor autorizado. Esa retirada priorizará as instalacións e emprazamentos atendendo ao seu grao de perigosidade e exposición á poboación máis vulnerábel. En todo caso as instalacións ou emprazamentos de carácter público con maior risco deberán estar xestionadas antes do 2028”.

Parece obvio o inxente traballo que temos por diante, e sobre todo a súa tremenda complexidade a nivel técnico, mais tamén a nivel de coordinación das diferentes administracións públicas.

A lei establece unhas obrigas moi concretas e moi difíciles de cumprir para os concellos do noso país, tanto para elaborar o censo como para retirar o amianto das instalacións da súa propiedade. E non podemos esquecer que todos eles viven xa nunha situación orzamentaria moi complicada.

Establece tamén a obriga para a Xunta de Galiza de verificar e inspeccionar o cumprimento desas obrigas dos concellos, así como a retirada do amianto das instalacións que sexan titularidade do goberno galego, entre as que hai que destacar multitude de centros de ensino que pola data da súa construción conteñen amianto. A este respecto debemos facer fincapé en que existen estudos que consideran á poboación infantil como poboación especialmente vulnerábel.

E non podemos esquecer o custe económico que para dar cumprimento a esta lei van ter que asumir todas as persoas particulares propietarias de inmobles nos que existan elementos que conteñan amianto. Custes de retirada dos correspondentes plans de traballo especiais para o tratamento do amianto, do transporte e máis do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

depósito nos vertedoiros autorizados, e que poden desincentivar a retirada do amianto e a súa segura e correcta xestión.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

1. Como valora a Xunta de Galiza o grao de cumprimento no noso país das obrigas impostas pola Lei 7/2022 para a retirada do amianto?
2. Ten algún plan a Xunta de Galiza para a erradicación do amianto da Galiza?
3. Ten algún plan a Xunta de Galiza para a erradicación do amianto das instalacións da súa propiedade?
4. Que opina do estado de conservación dos centros de ensino que contan con amianto no noso país?
5. Cantos censos municipais de instalacións con amianto ten recibido até o de agora?
6. É consciente a Xunta de Galiza do grao de complexidade técnica e da dificultade económica que as obrigas impostas pola Lei 7/2022 significan para os concellos?
7. Que iniciativas ten posto en marcha a Xunta de Galiza para que os Concellos poidan atender estas obrigas?

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**
Alexandra Fernández Gómez
Montserrat Prado Cores
Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 05/03/2025 13:25:54

Alexandra Fernández Gómez na data 05/03/2025 13:28:14

María Montserrat Prado Cores na data 05/03/2025 13:28:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonso, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a valoración do goberno galego sobre o canon eólico, os seus resultados e previsións a medio prazo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza impulsou no ano 2009 a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galiza e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

Dentro desta lei, no seu título III regula o canon eólico e o fondo de compensación ambiental. O canon eólico, gravaba orixinalmente o número de aeroxeradores establecendo un tramo exento e tres tramos con pagamentos unitarios crecentes segundo se incrementa o número de aeroxeradores. Dito imposto fornece, excluídos os gastos de xestión, o denominado Fondo de Compensación Ambiental, que se reparte por dúas vías . Unha, para os municipios directamente afectados polas instalacións dos aeroxeradores e as súas poligonais e infraestruturas. Outra, para a totalidade dos concellos galegos, por vía competitiva. A lei direcciona as actuacións financiábeis para aquelas “ comprendidas en aplicacións orzamentarias que teñan entre as súas finalidades a protección do medio e do contorno natural, a súa conservación, reposición e restauración, así como o fomento da investigación dirixida á mellora na eficiencia do aproveitamento dos recursos das enerxías renovables”. Anualmente a Xunta emite unha orde mediante a cal regula os criterios de repartición e estable as bases reguladoras e a convocatoria das subvencións do Fondo de Compensación





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ambiental en réxime de concorrencia non competitiva e concorrencia competitiva, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida. A contía aproximada adoita rondar os 11 millóns de euros, a metade aproximadamente do recadado polo canon eólico.

Logo de numerosas e reiteradas iniciativas do BNG para que se actualizase o canón eólico, dado que a actualización tecnolóxica dos aeroxeradores, que segundo avanza os anos incrementan a súa densidade enerxética, e polo tanto, os obxectivos do canon eólico quedan diluídos. O Partido Popular, a través da lei de acompañamentos dos orzamentos 2025, nunha auto emenda modifica o canon eólico cambiando a base impoñible do mesmo de número de xeradores á altura dos mesmos, cun tipo de gravame de 75 € por metro.

Esta altura mídese dende a base do aeroxerador ata a punta do aspa na súa posición máis elevada.

Xa é un feito recorrente que o Partido Popular utilice a lei de acompañamentos como subterfuxio para modificar leis fundamentais do ordenamento xurídico galego, evitando así debate cos grupos do parlamento e nula escoita aos sectores afectados, mesmo á sociedade galega.

Logo de no primeiro trimestre do ano 2025 diversos promotores solicitasen a repotenciación de parques con máis de 25 anos de funcionamento, podemos ir simulando a recadación do canon eólico baixo a actual redacción, e comparalo coa recadación anterior.

As simulacións feitas amosan unha perda de ingresos para a Xunta de Galiza, e por tanto, para os concellos afectados dun 64%.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tampouco coñecemos como se vai efectuar o reparto do fondo de compensación ambiental, dado que o artigo 25 da lei 8/2009 é suficientemente ambiguo para que non se poida saber a priori como se repartirá o canon eólico entre os concellos afectados.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Cal é a valoración que fai o goberno da Xunta sobre os datos de recadación que amosa o actual canon eólico?

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2025

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**

Brais Ruanova Vilas-Boas

Ramón Fernández Alfonzo

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 06/03/2025 10:09:04

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 06/03/2025 10:09:16

Ramón Fernández Alfonzo na data 06/03/2025 10:09:48



À MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **interpelación**.

Este grupo parlamentario en relación coa praga do nematodo do Pino presentaba unha proposición non de lei na que instaba o Goberno a que elaborase un plan de actuacións para a consecución de piñeiros resistentes ou tolerantes ao nematodo do piñeiro, e un plan de actuacións para que esta planta de piñeiro estea a disposición dos propietarios forestais e empresas de reforestación para o seu uso efectivo nas repoboacións forestais.

A esta praga vén a unirse outra enfermidade dos pinos no norte de Galicia, coñecida como a enfermidade das bandas.

Debido a diversas circunstancias os pinares foron perdendo superficie no monte galego ao longo dos últimos 15 anos, segundo sinala a Fundación Arume, indicando que se perderon 140.000 ha. de coníferas nos últimos 15 anos, problema que se vén agravando pola incidencia das bandas, que afectan fundamentalmente ao pino Radiata, que supón un 50 % das talas de coníferas en Galicia.

Por iso, a fundación propón distintas medidas que comprenden:

- 1.Un plan de choque que debe pasar, en primeiro lugar, pola declaración de emerxencia sanitaria nos pinares radiata.

Desta forma poderíase abrir a vía para poder aplicar de forma urxente tratamentos preventivos gratuítos contra a banda en montes privados.





2. A declaración de utilidade pública dos tratamentos en áreas estratéxicas, de forma que sexa posible o acceso e actuación da Administración nos terreos privados por causas de interese xeral.
3. A obtención de plantas resistentes a enfermidade das bandas, activando de forma urxente protocolos para a detección, nos montes mais afectados, de árbores que sexan resistentes as bandas, para estudalos, e se é posible, para incorporalos os programas de mellora.
4. Reforzar os servizos de sanidade forestal da Consellería do Medio Rural que carecen dos medios suficientes.
5. Impulsar o Centro de investigación forestal de Lourizán dependente da Consellería de Economía.
6. Introducir a variedade do Pino Taeda nas zonas afectadas.
7. Instalar parcelas con metodoloxía de ensaio científico e importar de xeito controlado semente de piñeiro Taeda que pode ser unha alternativa ao Rdiata.
8. Realizar un estudo dun cambio de modelo en relación coas axudas públicas aos silvicultores.
9. A creación dun equipo multidisciplinar que estude a ecoloxía do patóxeno das bandas.

Ante a situación de regresión manifesta dos pinares en Galicia e o impacto na industria da madeira que depende da dispoñibilidade de materia prima, o Grupo Parlamentario Socialista entende, que o Goberno galego debe actuar ante esta grave problemática de forma urxente, e por iso, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2025 10:50:45
Nº Rexistro: 21289
Data envío: 06/03/2025 10:50:45,655

1. Vai o Goberno galego implantar un plan de choque para salvar as masas de pino ante as pragas que padecen?
2. Cantas hectáreas de coníferas, segundo os cálculos do Goberno galego, se perderon nos últimos 15 anos?
3. Que valoración realiza o Goberno galego desta diminución e das consecuencias para os propietarios forestais?
4. Vai o Goberno galego declarar con carácter urxente a situación de emerxencia sanitaria nos montes de Pino Radiata?
5. Vai o Goberno galego proceder ao reforzo dos servizos de sanidade forestal e do Centro de Investigación Forestal de Lourizán?
6. Valora o Goberno galego realizar un estudo dun cambio de modelo en relación coas axudas públicas aos silvicultores?
7. Como se valora introducir a variedade do Pino Taeda nas zonas afectadas?

Parlamento de Galicia, 6 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 06/03/2025 10:23:14

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

73163

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2025 10:50:45
Nº Rexistro: 21289
Data envío: 06/03/2025 10:50:45,655

Lara Méndez López na data 06/03/2025 10:23:45

CSV: B0R0GSP000Z0B06%5vE-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /



981.55.15.30

73164

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Ramón Fernández Alfonso e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o PRUX do Parque natural Fragas do Eume

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Fraga do Eume, Declarada Parque Natural en 1997, forman un bosque caducifolio atlántico, de máis de 9.000 hectáreas e habitado por menos de 500 persoas. Tamén son os cantís costeiros mellor conservados de Europa pola humidade, frescura e temperatura que se atopan no seu interior, o que lles permite albergar especies animais e vexetais en perigo de extinción. O Parque Natural das Fragas do Eume sitúase arredor do curso do río Eume e ten forma de triángulo cuxos vértices e lindes son As Pontes, Pontedeume e Monfero.

Declarado parque natural no ano 1996, quince anos despois, no ano 2014 iníciase a tramitación do PRUX, e non é até o ano 2018 cando se procede á súa información pública, paralizándose posteriormente a súa tramitación até novembro do ano 2022, cando se activa un novo proceso de participación pública, que remata coa aprobación definitiva o dous de marzo de 2023 .

Durante todo este tempo de inacción por parte da Xunta de Galiza, os principais ecosistemas do parque natural polos seus valores naturais víronse moi afectados, fundamentalmente debido á fragmentación do hábitat producida pola intensa actividade forestal vencellada ás plantacións de eucalipto de interese comercial e ás súas actividades de explotación que se veñen levando a cabo desde os anos 50 do século pasado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cabe sinalar que durante os anos transcorridos nin a veciñanza nin os organismos afectados, nin as asociacións con interese lexítimo, foron informadas sobre o estado ou sorte da tramitación do PRUX, sendo de salientar que o novo documento posto a información pública non incorpore nin dea resposta ás alegacións presentadas ao borrador do ano 2018.

Neste sentido a falta de interese da Xunta de Galiza por garantir un axeitado proceso de información pública plásmase na forma na que se levou a cabo o propio proceso participativo, o que resulta inadmisíbel de todo de punto de vista, e máis aínda tendo en conta que logo se fan 25 anos do inicio do proceso.

O PRUX conta cun programa económico–financeiro ao que se lle asignan para a execución entre o ano 2023 e 2032, unha cantidade total de 3.125.000€, que significan 200.000€ anuais de media, unha cifra semellante á que actualmente a Xunta de Galiza destinada á xestión do parque natural. Este continuísmo no compromiso e previsión de gasto, igual que no que a persoal se refire, deixa en evidencia as declaracións de intencións que o proxecto contén, converténdooas en papel mollado.

A dotación asignada para a xestión dos terreos conta cun montante de 1.100.000 €, cifra claramente insuficiente se temos en conta que á propiedade dos montes no ámbito do Parque natural da Fraga do Eume, os montes son na súa meirande parte de titularidade privada (o 79,39%).

Por todo isto fórmulase a seguinte interpelación:

1. Como valora a Xunta de Galiza a situación dos parques naturais en Galiza?
2. Coñece a Xunta de Galiza a situación de abandono e progresivo deterioro do Parque Natural das Fragas do Eume?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Ten pensado a Xunta de Galiza, en exercicio das súas competencias, adquirir parcelas do Parque Natural?
4. Cantas parcelas leva mercado a Xunta de Galiza ata o de agora?
5. Que superficie ocupan as parcelas mercadas?
6. Cales foron os prezos de compra das parcelas?
7. Como pode a Xunta de Galiza promover un cambio real nos usos e aproveitamentos do Parque sen aumentar a dotación económica nin o persoal do Parque Natural?
8. Por que a Xunta de Galiza nunca contestou as alegacións presentadas polas partes afectadas ou interesadas no tramitación do PRUX?
9. Como xustifica a Xunta de Galiza a redución da zona de máxima protección con respecto ao anterior proxecto de PRUX?
10. Dispón a Xunta de Galiza de obxectivos ou expectativas da súa política no Parque das Fragas do Eume? Cales son?

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2025

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**

Ramón Fernández Alfonzo

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 06/03/2025 12:15:45

Luis Bará Torres na data 06/03/2025 12:15:54

Ramón Fernández Alfonzo na data 06/03/2025 12:16:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas e Xosé Manuel Golpe Acuña, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o control público da Sociedade Recursos de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sociedade Recursos de Galiza (RDG) deuse a coñecer publicamente en novembro de 2023 a través de diversos comunicados na prensa.

Esta sociedade creábase ao abeiro da, naquel momento futura, *Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galiza*, como peza fundamental no desenvolvemento de dita lei, para a promoción de diferentes proxectos relacionados co aproveitamento dos recursos naturais galegos.

Polo tanto creábase primeiro a sociedade privada-pública, sen tan sequera ter aprobada a lei que regularía o aproveitamento de recursos para beneficio social e económico, e a gravidade disto radica en que dita sociedade é creada en exclusiva para o desenvolvemento material de dita lei.

Cómpre salientar que o que se coñece de RDG ven a través de notas de prensa do Goberno Galego e de novas en diferentes medios, xa que dita sociedade, ao estar participada unicamente nun 30% pola administracións, queda fóra do entorno de control e da rendición de contas da *Lei 16/2010 de ordenación e funcionamento do sector público autonómico (LOFAXGA)*.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

RDG artículase pois, en propias palabras do Goberno Galego e a través da información da súa propia páxina web, na promoción de proxectos de produción de enerxía a partir de fontes renovables, a promoción de dereitos, concesións e proxectos de explotación mineiros e proxectos que requiren a utilización de auga.

Polo tanto queda en mans privadas, cun control minoritario por parte do Goberno Galego, apenas o 30%, aquelas decisións sobre os proxectos que teñen a ver cos recursos e a xestión dos mesmos, ao que se suma a opacidade total sobre a elección do presidente e do conselleiro delegado de RDG.

Para os grupos parlamentarios da cámara faise complexo poder ter acceso a información relativa a RDG e a súa fiscalización queda excluída do entorno do sector público a pesar de ser unha sociedade que vai ter unha alta incidencia no desenvolvemento da política industrial e de recursos de Galiza.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

- Como pensa o Goberno Galego, cun 30 % de participación da Xunta de Galiza na Sociedade Recursos de Galiza, garantir o control público desta sociedade e a súa incidencia na política en materia de recursos e de industria?

- Pensa o Goberno Galego que a Sociedade Recursos de Galiza debe ser fiscalizada polo Consello de Contas dada a incidencia desta sociedade no desenvolvemento da política industrial e de recursos de Galiza?

- Cal é a participación de capital e o capital desembolsado por cada empresa integrante na Sociedade Recursos de Galiza?

- Cal foi o procedemento de selección do Presidente e do Conselleiro Delegado da Sociedade Recursos de Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2025

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Xosé Manuel Golpe Acuña

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 06/03/2025 13:33:52

José Manuel Golpe Acuña na data 06/03/2025 13:34:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as contencións mecánicas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A contención mecánica é a acción pola que se inmoviliza a unha persoa, habitualmente a través de correas de suxeición, para fixala a unha cama. Esta práctica posúe características terapéuticas de ningún tipo, mais pola contra, si que supón importantes consecuencias físicas e psicolóxicas, sendo unha das máis traumáticas a curto, medio e longo prazo, e afectando tanto ás persoas que sofren a contención coma tamén incluso ás persoas que se ven obrigadas a practicalas.

Aínda que non existe unha normativa específica para regular o uso das contencións mecánicas no Estado español nin en Galiza, si que existen recomendacións de organizacións supraestatais, así coma outra lexislación que cómpre ter presente a este respecto. Por exemplo, no Estado español, a lei orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e adolescencia fronte á violencia, recolle a prohibición explícita, nos centros de protección, do uso da contención mecánica, establecéndose como prioridade as técnicas de desescalada verbais e marcando os límites de uso da contención física.

Nesta liña, existen actualmente diferentes experiencias na redución e erradicación da contención a nivel internacional con resultado positivo na redución de contencións ata chegar a contar con centros libres de contención. No Estado español, o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Parc Sanitari de San Joan de Deu conseguiu en 2020 a acreditación Libera-Dignos, da Fundación Coidados Dignos por reducir a contención practicamente a cero. Tamén Andalucía conta con experiencias de obxectivos de redución da coerción, e hai outras en marcha actualmente no Hospital Universitari Germans Trías i Pujol e no Hospital Sant Pau.

Aínda que nos últimos anos se teñen feito certos avances no que se refire ao recoñecemento institucional da necesidade de erradicar as contencións cero, o certo é que as medidas implantadas son de todo punto insuficientes como para ter impacto real a nivel asistencial e de garantía do respecto aos dereitos humanos.

O Movemento Galego da Saúde Mental (MGSM) é unha organización que leva unha década traballando para denunciar a vulneración de dereitos humanos no eido da saúde mental e para esixir a súa garantía, sendo un dos campos de traballo a erradicación da contención mecánica. Nesta liña fixo público o Documento marco para a elaboración dun Plan Galego de Erradicación do uso das contencións mecánicas nos Servizos de Saúde Mental, no que se recollen unha serie de propostas para lograr o obxectivo da contención cero.

Mais, para poder avanzar resulta imprescindible termos información e coñecer os datos sobre a utilización da contención mecánica, pois diferentes investigacións salientan a gran variabilidade existente, xa non entre países, senón incluso entre hospitais e/ou unidades, o que fai pensar no peso que teñen factores locais e de tradición en cada centro sobre outras variables. Na Galiza, aínda que existe algunha información destas prácticas, sobre todo a base de testemuños ou de informes externos coma os da Comisión Nacional de Prevención de la Tortura do Defensor del Pueblo, nin o Sergas nin a Consellería de Sanidade ofrecen información pública e sistematizada. Preocupadas por esta cuestión, desde o BNG temos demandado esta información, tamén a través de iniciativas parlamentarias, mais sen que se chegase a facer pública en ningún momento,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

amparándose o Partido Popular en que “non son información clínica relevante” para xustificar tal veto e ocultación.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Cales son as actuacións que está a desenvolver o goberno galego para lograr a erradicación das contencións mecánicas?
- Considera que se está a dar unha formación suficiente ás profesionais do sistema público galego de saúde? Chega a todas as categorías profesionais? Considera o goberno suficiente o número de profesionais que reciben esta formación?
- Cal é a formación que se está a impartir en técnicas de desescalada verbal e estratexias de prevención da contención mecánica?
- Cales son os datos de contención mecánicas no seo de centros dependentes do Sergas? E en centros con financiamento público? Estanse rexistrando de xeito adecuado conforme ao indicado, por exemplo, por parte do Comité Europeo para a Prevención da Tortura e das Penas e Tratos Inhumanos ou Degradantes?
- Ten previsión a Xunta de Galiza de deseñar un Plan Galego de Erradicación das contencións mecánicas?
- Cando considera o goberno que se acadará o obxectivo da contención cero?

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2025

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 06/03/2025 13:48:49

María Montserrat Prado Cores na data 06/03/2025 13:48:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Ariadna Fernández González, Montserrat Valcárcel Armesto, Olalla Rodil Fernández, Sonia Vidal Lamas, e Iago Suárez Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a praga da rata toupa que está afectando as terras agrarias en concellos da montaña de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En determinados concellos da montaña de Lugo, concretamente en Nogais, Baralla, Cervantes, Folgoso do Courel, Navia de Suarna, Pedrafita do Cebreiro, Samos e Triacastela comezaron polo ano 2019 determinados procesos explosivos de roedores da familia Microtinae, en concreto Arvicola scherman, comunmente denominada rata toupa; posteriormente estendeuse a outros concellos da montaña chegando até a Fonsagrada. Este animal é unha raza autóctona propia das zonas de montaña, aliméntase da herba por baixo da superficie e causa grandes danos cando a súa poboación medra. Esta explosión converteuse en praga que provoca danos inasumíbeis nos pastos da montaña.

No ano 2020 a propia Consellería do Medio Rural falaba que a superficie afectada pola rata toupa en diferentes concellos da provincia de Lugo sitúase nas 1.629,63 hectáreas, nun total de 2.995 parcelas

Dende o BNG presentamos varias iniciativas na lexislatura pasada para que dende a consellería do medio rural e a Xunta de Galiza se actuase sobre esta praga, se dotaran de recursos e fixeran as investigacións pertinentes e que se establecesen





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

indemnizacións ao sector que está a sufrir cuantiosos danos na produción das súas fincas.

A raíz destas propostas do BNG a consellería sacou unha orde de axudas no ano 2023 na que se incluían como beneficiarios destas axudas os titulares de explotacións gandeiras situadas nos concellos das Nogais, Baleira, Becerreá, Cervantes, Folgoso do Courel, Fonsagrada, Navia de Suarna, Pedrafita do Cebreiro, Samos ou Triacastela. Nesta orde figuraban referencias planimétricas das parroquias e zonas afectadas pola praga da rata toupa

A consellería do Medio Rural fixo publicidade desta orde de axudas na que o importe de axuda que se concedería a cada beneficiario sería de 300 €/ha. A realidade foi ben distinta, unha vez mais o goberno da Xunta de Galiza engana aos gandeiros galegos, e a axuda final nos pagamentos realizados da mesma a penas se acadaron os 93 €/ha. Esta axuda mísera non alcanza para nada os danos causados por esta praga a que a consellería do medio rural e a Xunta non dan solución.

Para máis preocupación do sector agrogandeiro e das labregas e labregos a praga sigue estendéndose, xa se fala de 8000 has afectadas. Por outra banda os investigadores necesitan mais recursos para seguir traballando.

Estamos no 2025 e a problemática volta outra vez a actualidade e os danos incrementanse.

Por todo o exposto anteriormente formúlase a seguinte interpelación:

- Por que non se pagaron os 300 €/ha de axuda tal e como se fixera público no seu día? Por que se enganou aos titulares das explotacións e se pagaron 93 €/ha de superficie afectada?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Parécelle adecuado esa axuda, que corresponde coa terceira parte do prometido?
- Vai sacar algunha orde de axudas para paliar os danos desta praga no ano 2025?
- Canto é o alcance real da praga? Cánta superficie está afectada?
- Como valora a Xunta a evolución da praga da rata toupa en Galiza, e especialmente na montaña de Lugo?
- Que obxectivos pensan acadar coas medidas tomadas ata o de agora e en canto tempo?
- Consideran dende a consellería cos investigadores galegos teñen medios suficientes para traballar na solución a esta praga?

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2025

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**

Ariadna Fernández González

Sonia Vidal Lamas

Iago Suárez Fernández

Montserrat Valcárcel Armesto

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Secundino Fernández Fernández na data 06/03/2025 14:13:57

Olalla Rodil Fernández na data 06/03/2025 14:14:00

Iago Suárez Fernández na data 06/03/2025 14:14:08

Sonia Vidal Lamas na data 06/03/2025 14:14:14

Montserrat Valcárcel Armesto na data 06/03/2025 14:14:21

Ariadna Fernández González na data 06/03/2025 14:14:31





A Mesa do Parlamento

María Felisa Rodríguez Carrera, Rubén Lorenzo Gómez, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Ángel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereza Fraiz e Miguel Ángel Viso Diéguez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

Os Premios do Comercio Galego son uns galardóns cuxo fin está en recoñecer institucional e socialmente a aqueles comercios que apostan por situar ao cliente no centro da súa estratexia, aproveitando todos os recursos á súa disposición a fin de presentarlle a oferta que posúen.

O pasado ano 2024, reactivouse esta iniciativa despois da crise sanitaria, volvendo a celebrar os premios desde unha perspectiva innovadora. No seu momento, considerouse positivo motivar a través duns galardóns deste talante ao sector, en relación ao valor que posúe para a nosa comunidade e, incluso, no relativo ao asociacionismo comercial.

Os premios desenvolvéronse en cinco categorías: Premio Comercio 2024, Premio Comercio Traxectoria 2024, Premio Comercio Emprende 2024, Premio Comercio Dinamizador 2024 e Premio Comercio Consumo Responsable 2024.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

Que valoración fai o Goberno galego da pasada edición dos Premios do Comercio Galego 2024?

Santiago de Compostela, 28 de Febreiro de 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Asinado dixitalmente por:

María Felisa Rodriguez Carrera na data 28/02/2025 10:42:08

María Encarnación Amigo Díaz na data 28/02/2025 10:42:18

Borja Vereza Fraiz na data 28/02/2025 10:42:25

Rubén Lorenzo Gómez na data 28/02/2025 10:42:37

Ángel Rodríguez Conde na data 28/02/2025 10:42:59

Miguel Fidalgo Iglesias na data 28/02/2025 10:43:17

María Deza Martínez na data 28/02/2025 10:43:26

Cristina Sanz Arias na data 28/02/2025 10:43:40

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 28/02/2025 10:43:57

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





A Mesa do Parlamento

María Felisa Rodríguez Carrera, Rubén Lorenzo Gómez, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Ángel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereza Fraiz e Miguel Ángel Viso Diéguez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

A Fundación Pública Artesanía de Galicia creou, no ano 2008, os Premios Artesanía de Galicia, co obxectivo de estimular a labor de creación dos autores de campo artesanal galego e sensibilizar á sociedade a través das obras presentadas, sobre a importancia deste sector como motor económico e cultura de Galicia, onde as actividades artesanais representan un gran acervo desde o punto de vista cualitativo e cuantitativo.

Con esta iniciativa, recoñeceuse a mellora continua no traballo dos profesionais do sector artesan galego e contribuíuse ao seu desenvolvemento económico, formativo e profesional.

Este evento foi o máis estimado polos artesáns, posto que se tratou dun momento de encontro e ledicia para todo o sector. Ademais, o certame serviu para poñer en valor o sector artesan galego, así como a divulgar o traballo dos profesionais entre a sociedade, potenciar a creatividade, promover a captación do talento dentro do sector, facer fincapé na incorporación dos artesáns máis novos e impulsar o relevo xeracional ao tempo que se apostou pola introdución da innovación e o deseño nos procesos de produción.

Os premios desenvolvéronse en tres categorías: Premio Artesanía de Galicia, Premio Traxectoria e Premio Bolsas Eloy Gesto.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan seguinte pregunta oral:

Que valoración fai o Goberno galego da pasada edición dos Premios Artesanía de Galicia 2024?

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Santiago de Compostela, 27 de Febreiro de 2025.

Asinado dixitalmente por:

María Felisa Rodriguez Carrera na data 28/02/2025 10:57:58

Rubén Lorenzo Gómez na data 28/02/2025 10:58:11

María Encarnación Amigo Díaz na data 28/02/2025 10:58:23

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 28/02/2025 10:58:30

María Deza Martínez na data 28/02/2025 10:58:39

Miguel Fidalgo Iglesias na data 28/02/2025 10:58:48

Ángel Rodríguez Conde na data 28/02/2025 10:59:00

Cristina Sanz Arias na data 28/02/2025 10:59:15

Borja Vereza Fraiz na data 28/02/2025 10:59:30

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a a falla de persoal médico en varias especialidades no hospital de Verín e as elevadas listas de agarda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación sanitaria de Galiza é grave. Verín non é alleo a esta situación, máis ben estamos peor. O Hospital de Verín parece que está a chegar a unha situación límite e a cidadanía ten que estar día si e día tamén recibindo novas de continuos atrasos nas citas das consultas de especialistas

A esta situación engádese un problema grave que é a distancia a cidade de Ourense a onde son derivados os usuarios da sanidade pública, no mellor dos casos. Non fai falla que lles diga os km que hai dende calquera concello do distrito ou o tempo que leva ou a falla de transporte públicos.

Lembremos que ao hospital de Verín e ao seu distrito sanitario teñen que ir as veciñas e veciños dunha ampla área xeográfica que vai dende Viana do Bolo até Cualedro, que abrangue 12 concellos e máis de 25000 habitantes, nunhas distancias que van mais alá dos 50 km dende os puntos mais lonxe do hospital; e todo isto repartido nunha superficie duns 1700 Km²

Xa fai un tempo ao BNG estannos chegando numerosas queixas de falla de especialistas médicos co agravante de que este reiterado déficit de persoal leva consigo unha incremento na demora da atención sanitaria neste hospital público do SERGAS.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas queixas cada vez fanse máis numerosas e continuas e agudízase en determinadas especialidades como dermatoloxía, oftalmoloxía, neumoloxía ou cardioloxía.

Ante este despropósito dende o Bloque Nacionalista Galego e ante a fonda preocupación existente na veciñanza do distrito sanitario de Verín esiximos a Xunta de Galiza que se cubran dun xeito urxente todas as prazas de médicos especialistas que están vacantes

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que explicación hai para a situación na que está o hospital de Verín en determinadas especialidades médicas e que solución teñen para estes problemas?

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2025

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 28/02/2025 12:48:47

Iria Carreira Pazos na data 28/02/2025 12:49:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 28/02/2025 12:51:15





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 21037
Data envío: 28/02/2025 21:21:31.552

Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

En Galicia faleceron nos últimos oito anos un total de 6.571 persoas que agardaban unha resolución sobre a súa situación de dependencia para poder percibir un subsidio, segundo o último informe do Observatorio da Dependencia.

Dos falecidos entre 2017 e 2024 esperando ese procedemento administrativo, 841 eran persoas que aspiraban a obter unha resolución de grao e 5.730 un recoñecemento dalgunha prestación ou servizo do sistema, segundo os datos recompilados do Goberno central e as comunidades autónomas.

Un total de 10.572 persoas con solicitude de dependencia faleceron, se se deducen as 470 que non acreditaban unha situación de dependencia, denominada "sen grao".

Un 96,7 % deses 10.572 estaban a ser atendidas e un 3,3 % restante formaba parte da "lista de espera", dos cales 201 (1,9 %) esperaban a resolución de grao e 144 (1,4 %) tiñan xa o dereito recoñecido agardaban unha resolución de prestación.

A finais do ano pasado había un total de 78.452 persoas rexistradas en Galicia con dereito a unha prestación por estar nunha situación de dependencia, fronte a 75.584 un ano antes.





O informe sinala que no último exercicio en Galicia atendéronse a 3.505 novas persoas en situación de dependencia, un 4,76 % máis que no exercicio precedente, quedando por baixo a media de España, que se sitúa en 7,55 %.

O ano pasado Galicia concedeu 15.617 novas prestacións, das cales 11.515 (74 %) de teleasistencia, o que supón un "incremento masivo" dese servizo que pasou de representar un 20 % do total, fronte a 10 % un ano antes.

O informe indica que o gasto público por habitante incrementouse en 19,1 euros pasando a 145,1 euros, pero atópase por baixo do aumento medio de 42,7 euros por habitante respecto da media das comunidades autónomas, que é dun total de 187,8 euros.

Cada día falecen 94 dependentes (deles case un ao día en Galicia) sen chegar a recibir prestacións ou servizos.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando prevé a Xunta de Galicia incrementar a porcentaxe de gasto por dependente?

Santiago de Compostela, a 28 de febreiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 28/02/2025 21:19:05

Elena Espinosa Mangana na data 28/02/2025 21:19:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a urxencia de a Xunta reestabelecer o servizo médico completo no centro de saúde de Irixoa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza do concello de Irixoa continúa a sufrir as consecuencias do desmantelamento continuado da sanidade pública dirixido polo Partido Popular no conxunto do noso país.

Este concello das Mariñas contaba cun centro sanitario cun único profesional de medicina familiar e na actualidade volve estar sen facultativo dispoñíbel no centro de saúde.

Nos últimos meses as pacientes que acudían ao centro de saúde de Irixoa comprobaban en primeira persoa o total abandono por parte da Xunta: a consulta médica só atendía en días indeterminados e con horarios reducidos que non superaban as tres horas durante a mañá.

Esta situación, lonxe de se ir resolvendo por parte do goberno, avanza na desatención: nesta altura é imposible acceder a unha cita de medicina familiar antes dunha semana e só en horario de 8 a 10 da mañá.

Atopar unha cadeira baleira na consulta médica obriga os veciños e veciñas de Irixoa a se desprazaren a Betanzos, coa afectación que isto supón para a propia saúde





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

das pacientes e mais co problema engadido de obrigar a dispor dun medio de desprazamento privado.

A veciñanza de Irixoa non atopa resposta ante o abandono da Xunta; un sentimento que partillamos desde o BNG quen, asemade, comproba máis unha vez a falta de decoro e respecto do PP pola cámara galega ao non ter respondido ás preguntas rexistradas o pasado 11 de novembro de 2024.

Á vista de que esta desatención da saúde vai en aumento, os veciños e veciñas de Irixoa trasládannos de novo ao grupo parlamentario do BNG unha preocupación que tamén medra polo desamparo que supón a perda continuada de acceso á sanidade pública de proximidade á que teñen dereito.

Desde o grupo parlamentario do BNG esiximos unha resposta por parte do goberno da Xunta

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai iniciar a Xunta as xestións para reclamarlle ao goberno do Estado a cesión do antigo ambulatorio e o seu acondicionamento como Centro de día público, conforme o acordo unánime do pleno municipal de Betanzos?

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Olalla Rodil Fernández
Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 03/03/2025 10:31:14

Olalla Rodil Fernández na data 03/03/2025 10:33:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de o goberno da Xunta resolver os problemas de seguridade viaria na AC-542 que afectan á veciñanza de Infesta (Betanzos).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza de Infesta (Betanzos) está a demandarlle publicamente ao goberno galego unha solución que resolva os problemas de seguridade viaria cos que conviven a diario na estrada AC-542 que une Betanzos co Mesón do Bento.

Esta situación afecta maiormente a alumnado TEA, TDA, TDAH, Dislexia, etc., pero tamén a aquel vulnerable por outros motivos como son os estranxeiros, en situación de risco de exclusión social, etc.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero se hai un alumnado moi sensible a estas circunstancias que foron enumeradas, é aquel con Síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais. Nenos e nenas que adoecen por dispoñer nos centros ordinarios de todos os apoios, reforzos e especialistas necesarios para cada caso en concreto e gozar así dunha integración e inclusión real. Así nolo fixeron chegar ao BNG as representantes da Federación Down Galicia, preocupadas/os pola situación que se vive na actualidade dentro dos centros educativos sen os recursos necesarios para que esa inclusión reivindicada por todo o colectivo poida ser efectiva e real.

Polo tanto é un dereito do alumnado con Diversidade ter garantida unha educación de calidade e para iso precisa do profesorado de reforzo e especialistas, que indiquen os informes médicos e de Orientación, para poder seguir o ritmo da súa aula.

De pouco importa ter en Galiza un 94% de inclusión se esta non ven acompañada dos recursos precisos para que a atención a todos e cada un dos alumnos/as sexa a que estas precisan.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que accións pensa levar a cabo a Consellería de Educación para garantir os dereitos do alumnado galego, sobre todo o máis vulnerable, completando o cadro de persoal docente e especialista, dotando ao mesmo da formación específica para unha mellor atención con métodos educativos actualizados ao alumnado NEAE?

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2025

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 05/03/2025 10:03:42

Olalla Rodil Fernández na data 05/03/2025 10:04:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o recoñecemento do movemento memorialista galego e a súa participación en eventos programados polas institucións.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 25 de febreiro a delegación do goberno central en Galiza organizou unha xuntanza preparatoria da programación “50 anos de España en liberdade” no noso país. Máis alá do carácter propagandístico desta reunión e da valoración que se poida facer deste evento estatal, a realidade é se están producindo claras mostras dunha visión centralista, de escasa participación e de nula sensibilidade en relación co movemento memorialista galego e coa historia de Galiza.

O menosprezo ao asociacionismo memorialista galego reunido arredor da Iniciativa Galega pola Memoria xa se puxo de manifesto na tramitación das propostas de declaración do Pazo de Meirás e da Illa de San Simón como lugares da memoria democrática, ao abeiro do previsto na lei estatal de memoria democrática.

Foron asociacións memorialistas quen solicitaron en xullo de 2024 a declaración de Meirás e San Simón como lugares de memoria histórica democrática. Logo de meses sen resposta, o organismo do goberno central encargado da tramitación das solicitudes devolveunas en outubro argumentando que estaban redactadas en galego. Unha vez rexistradas de novo en español, o goberno central de maneira unilateral e sen ningún





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tipo de comunicación coas entidades solicitantes anunciou a declaración destes dous lugares de memoria. Un xeito de proceder que ignora e menospreza o asociacionismo memorialista galego, que leva moitos anos defendendo os lugares de memoria e especialmente estes dous grandes espazos simbólicos da loita democrática, da represión e da resistencia antifranquista.

Logo destes antecedentes, o goberno central convocou á xuntanza do 25 de febreiro a un reducido grupo de persoas representantes de entidades ou asociacións, algunhas delas integrantes da “Comisión de persoas expertas do Pazo de Meirás” e outras sen que se coñeza o criterio da súa participación. En realidade, o goberno deixou fóra da convocatoria a inmensa maioría de entidades que conforman o movemento memorialista galego e tamén a inmensa maioría das persoas investigadoras e divulgadoras da represión franquista e da loita polas liberdades. Por non falar xa da ignorancia das familias das vítimas, que deberían ser obxecto da máxima consideración e respecto.

A estas alturas pouco se coñece da programación prevista, mais todo parece indicar que responde a unha visión propagandística, parcial e pouco sensíbel coa historia do noso país e coa realidade actual do movemento memorialista.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que relación ten o Goberno galego co Goberno central en relación coa programación “50 anos de España en liberdade” e as actividades previstas en Galiza?

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 05/03/2025 10:25:57

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 05/03/2025 10:26:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Oscar Insua Lema, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa aos expedientes de reversión de terreos portuarios aos concellos tramitados polo Goberno galego diante do estado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza, practicamente na totalidade dos concellos que teñen dominio portuario, existen terreos que tiveron no seu momento un uso portuario que hoxe xa non teñen, en moitos casos nin sequera usos relacionados co mar dende hai moito tempo.

A Lei 6/2017, de portos de Galiza, con claro afán recadatorio, realizouse de costas ás entidades locais e son moitos os concellos que levan anos expresando o seu malestar polas abusivas tarifas que Portos de Galiza está a cobrar pola realización de actividades no espazo público portuario, que, ao cabo e na maioría dos casos é un espazo totalmente integrado na trama urbana do concello e son as propias entidades locais as que se encargan do seu mantemento, da recollida de lixo, etc.

O BNG demandou en moitas ocasións a reversión desta situación e que aqueles terreos portuarios que teñan un claro uso urbano e non portuario débense reverter aos concellos, proposta que a maioría do Partido Popular no Parlamento nunca apoiou ata que, na lexislatura anterior, comezou a cambiar de discurso e de posición.

En maio de 2023, a propia conselleira de Mar recoñecía en sede parlamentaria que a Xunta de Galiza si quería traspasar eses terreos aos concellos e que incluso contratara unha asistencia técnica para a elaboración de informes individualizados que xustificasen





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en cada caso a innecesariedade dos terreos portuarios e o interese dos concellos. Na súa intervención fixo constar que en 2021 Portos de Galiza contaba con 26 solicitudes de distintos concellos e en 2023 xa era 34 solicitudes, das que decaeron sete. E asegurou que “temos, por tanto, definidos e contabilizados os espazos e ultimamos uns expedientes concretos nos que involucramos aos concellos para que en cada proposta de reversión vaia un compromiso municipal de solicitar a titularidade dos terreos para que o Estado, a través de Costas, non poda poñer ningunha excusa”.

E malia a que os expedientes estaban “ultimados”, foi aínda un ano e medio despois, en novembro de 2024, cando a propia Xunta anuncia que “consensúa coa FEGAMP os criterios para a elección dos terreos portuarios innecesarios que se incluírán na primeira fase de reversións ao Estado”, anuncio que xa fixera no 2018 cando deu a coñecer a creación dunha mesa de traballo Portos de Galiza/FEGAMP “para determinar que zonas portuarias sen ese uso podían pasar a ser municipais”.

Recentemente, no pasado mes de febreiro, o Goberno do Estado, en resposta parlamentaria ao deputado do Bloque Nacionalista Galego no Congreso a respecto da reversión dos terreos en tres concellos da comarca do Barbanza di que “no consta petición alguna de reversión al Estado de terreos adscritos/transferidos de los puertos citados. En consecuencia, tampoco se ha solicitado desafectación y posterior cesión de dichos terrenos a favor de los ayuntamientos”.

De ser así, pois, resultarían inadmisíbeis as moitas declaracións públicas dos distintos responsábeis da Consellaría de Mar e de Portos de Galiza, que levan anos insistindo na complexidade dunha tramitación que, finalmente, nunca se fixo chegar á Administración estatal e que deixan moi en dúbida que nalgún momento tiveran realmente tramitado algunha das 27 solicitudes dos concellos, cuxos expedientes aseguraban ter “ultimados” xa en maio de 2023.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cales foron os expedientes de reversión de terreos portuarios que o Goberno galego trasladou á Administración Xeral do Estado nos últimos anos?

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2025

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Oscar Insua Lema

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 05/03/2025 10:48:09

Óscar Insua Lema na data 05/03/2025 10:49:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Secundino Fernández Fenández e Sonia Vidal Lamas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre medicamentos veterinarios.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A entrada en vigor recentemente do Real Decreto 666/23 do 18 de xullo no Estado Español regula a distribución, prescrición, dispensación e uso dos medicamentos veterinarios e ten como orixe a transposición do Regulamento Europeo 2019/6, que establece as normas relativas á introdución no mercado, fabricación, importación e exportación, subministro, distribución, farmacovixilancia, control e uso dos medicamentos veterinarios.

Dito Regulamento e o posterior Real Decreto teñen como obxecto garantir o uso responsable e prudente dos antimicrobianos en animais, tanto de produción, onde xa se leva aplicando anos, coma no caso que nos compete, os animais de compañía, nunha loita contra as resistencias microbianas que causan graves problemas en sanidade humana. Hai que lembrar, que os tratamentos de animais de compañía representan menos do 1% de antimicrobianos usados en veterinaria e a loita contra as resistencias non é nada novo para os profesionais do gremio. Tanto é así que, coa implantación do PRAN (Plan Nacional fronte a Resistencias Antibióticas), xa se reduciu o uso de tratamentos antimicrobianos en explotacións nun 56% entre o 2014 e o 2020. Pola súa parte, a Organización Colexial Veterinaria confirmou que o Estado Español foi onde mais se diminuíu no uso destes antimicrobianos no conxunto de Europa, reducíndose un 69,5% en sanidade animal no período comprendido entre o 2014 e o 2022.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A pesares de que xa fai meses da súa entrada en vigor, o RD 666/2023, está de actualidade pola súa Disposición Final Quinta que comezou a ser aplicada a partires do pasado 2 de xaneiro de 2025, segundo o disposto no artigo 39.1 no relativo á comunicación dos datos das prescricións veterinarias de antimicrobianos para animais de compañía. Foi dende ese momento cando os profesionais veterinarios comezaron a ter que levar a cabo a súa labor baixo dita normativa, feito que aumentou moito a burocracia nas clínicas veterinarias sen ter en conta a súa realidade diaria e a falla de estrutura para levar a cabo este aumento de traballo de rutina e puxo na ecuación sancións con contías económicas pouco asequibles no caso de darse erros ou non traballar conforme a unha normativa coa que non están de acordo na forma na que se aplica.

Este malestar entre os veterinarios/as débese, entre outros factores, ás medidas especialmente restritivas impostas no conxunto do estado, maiores en moitos casos que no resto da UE, de xeito que con este RD 666/2023 se resta flexibilidade para o tratamento de animais e se crean restricións inaplicables segundo os profesionais e as súas organizacións. Nese senso, o regulamento do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro de 2018, tan só obriga á realización dun exame clínico ou unha avaliación adecuada do estado de saúde do animal ou grupo de animais por parte do veterinario antes de que se expida unha receita veterinaria. Pola contra, no caso do RD 666/2023, a través do seu artigo 33, implántase a obrigatoriedade de contar cun exame laboratorial recente para a xustificación do uso de determinados grupos antibióticos, co que iso implica a nivel de tempo de agarda polos resultados e de falla de respecto do criterio clínico de quen prescribe, que se ve totalmente coartado, desprezando a experiencia e criterio deste colectivo. Non menos importante é que os veterinarios e veterinarias deberán adaptarse ás fichas técnicas dos medicamentos, sen poder escoller de xeito razoado e segundo criterio propio cal administran, o que pode aumentar os desabastecementos, dar lugar a sobrantes innecesarios que os propietarios almacenarán nos seus fogares , e aumentar os custos, feito que se agrava ao non poder administrar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dende o botiquín veterinario da propia clínica o tratamento preciso para cada caso, excepto que se trate de medicamentos en situación de desabastecemento nas comerciais farmacéuticas próximas.

As reclamacións fan fincapé na imposibilidade de actuar conforme á normativa no desenvolvemento diario da actividade, con retrasos nos comezos dos tratamentos que implican graves consecuencias para os animais e cunha presión administrativa e a nivel de sancións excesiva, que os profesionais non son capaces de asumir.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza para apoiar aos veterinarios e veterinarias que están nunha situación laboral complicada tras a entrada en vigor do Real Decreto 666/2023 do 18 de xullo relativo ao uso de medicamentos veterinarios?

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Sonia Vidal Lamas

Secundino Fernández Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 05/03/2025 12:07:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sonia Vidal Lamas na data 05/03/2025 12:09:26

Secundino Fernández Fernández na data 05/03/2025 12:09:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a cobertura de baixas na EOI de Pontevedra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra vén sufrindo diferentes problemas na substitución de baixas do profesorado, que no presente ano 2025 afectan a catro grupos de inglés e outros tantos de portugués.

No caso da materia de inglés, o alumnado estivo sen docente desde o remate das vacacións do Nadal até o 17 de febreiro. No caso da materia de portugués, están sen docente desde o 27 de xaneiro (xa levan máis de un mes sen aulas) e non se prevé que se cubra de inmediato. Ademais, nesta asignatura o curso pasado o alumnado estivo 2 meses sen profesor/a.

Esta situación pon de manifesto unha clara falta de previsión por parte da administración educativa e ten como consecuencia un deterioro da calidade educativa e mesmo da imaxe e o prestixio das escolas de idiomas, que sofren ademais outras carencias e problemas.

Segundo fontes da consellaría de Educación a non cobertura da baixa na materia de portugués débese "á falta de persoas nas listaxes de chamamentos **que queiran aceptar este posto**". En declaracións ao Diario de Pontevedra estas fontes sinalaron que "se puxo en marcha un proceso de apertura das listaxes de profesorado que rematou o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

venres 21 de febreiro”. Mais á altura do día 3 de marzo aínda non se resolvera esta carencia, polo que o alumnado convocou unha concentración de protesta.

Para o BNG non está xustificado este retraso e por iso demandamos que se tomen as medidas, tanto estruturais como puntuais, para resolver con axilidade as substitucións do profesorado de baixa prolongada.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Xunta cubrir de maneira inmediata as baixas de profesorado na EOI de Pontevedra?

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 05/03/2025 12:47:07

Mercedes Queixas Zas na data 05/03/2025 12:48:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 05/03/2025 12:49:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Prado Cores, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galiza para promover unha liña de subvencións para a retirada do amianto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Organización Mundial da Saúde (OMS) é clara na determinación de que non se coñece un nivel de exposición ás fibras do amianto que non impliquen risco. Os materiais que conteñen amianto (MCA) considéranse, polo tanto, como un problema de saúde pública, laboral e medioambiental.

O risco será maior nas instalacións degradadas, nas superficies nas que aparezan fendas, ou nas deterioradas polos efectos da auga, e debemos salientar que historicamente o risco da exposición ambiental ao amianto ten sido infravalorado, polo que non actuar a tempo, cos niveis de coñecemento actual do risco, é unha absoluta irresponsabilidade.

Compre que o goberno galego impulse accións directas, efectivas e coordinadas para garantir a seguridade do conxunto da sociedade nunha situación de exposición pasiva ao amianto, provocada polo deterioro das infraestruturas que conteñen amianto, a manipulación incorrecta dos MCA, así como o abandono e a mala xestión dos residuos de amianto.

A disposición adicional 14ª da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e chans contaminados para unha economía circular, establece que “no prazo 1 ano desde a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

entrada en vigor da lei, os concellos elaborarán un censo de instalacións e emprazamentos con amianto, incluíndo un calendario que planifique a súa retirada. Tanto o censo como o calendario, que terán carácter público, serán remitidos ás autoridades sanitarias, medioambientais e laborais competentes das comunidades autónomas, que deberán inspeccionar para verificar, respectivamente, que se teñan retirado e enviado a un xestor autorizado. Esa retirada priorizará as instalacións e emprazamentos atendendo ao seu grao de perigosidade e exposición á poboación máis vulnerábel. En todo caso as instalacións ou emprazamentos de carácter público con maior risco deberán estar xestionadas antes do 2028”.

Parece obvio o inxente traballo que temos por diante, e sobre todo a súa tremenda complexidade a nivel técnico, mais tamén a nivel de coordinación das diferentes administracións públicas.

A lei establece unhas obrigas moi concretas e moi difíciles de cumprir para os concellos do noso país, tanto para elaborar o censo como para retirar o amianto das instalacións da súa propiedade. E non podemos esquecer que todos eles viven xa nunha situación orzamentaria moi complicada.

Establece tamén a obriga para a Xunta de Galiza de verificar e inspeccionar o cumprimento desas obrigas dos concellos, así como a retirada do amianto das instalacións que sexan titularidade do goberno galego, entre as que hai que destacar multitude de centros de ensino que pola data da súa construción conteñen amianto. A este respecto debemos facer fincapé en que existen estudos que consideran á poboación infantil como poboación especialmente vulnerábel.

E non podemos esquecer o custe económico que para dar cumprimento a esta lei van ter que asumir todas as persoas particulares propietarias de inmobles nos que existan elementos que conteñan amianto. Custes de retirada dos correspondentes plans de traballo especiais para o tratamento do amianto, do transporte e máis do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

depósito nos vertedoiros autorizados, e que poden desincentivar a retirada do amianto e a súa segura e correcta xestión.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten algún plan a Xunta de Galiza para a erradicación do amianto da Galiza?

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2025

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Alexandra Fernández Gómez

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 05/03/2025 13:26:46

Alexandra Fernández Gómez na data 05/03/2025 13:28:18

María Montserrat Prado Cores na data 05/03/2025 13:28:19





A Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Más, María Dolores Hermelo Piñeiro, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa, María Magdalena Pérez Millares, María Deza Martínez e Jesús María Fernández Rosende e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno**.

O Presidente da Xunta, Alfonso Rueda acompañado polo Conselleiro do Mar, Alfonso Villares viaxaron a Bruselas para manter unha xuntanza co comisario europeo de Pesca e Océanos, o chipriota Costas Kadis.

Na reunión co comisario, o goberno galego expuso que para Galicia é prioritario que a Unión Europea aposte por un desenvolvemento pesqueiro sostible e que compatibilice aspectos sociais e ambientais, xa que somos os primeiros interesados en coidar uns recursos marítimos que necesitamos que se nos deixe seguir explotando.

A delegación galega transmitiu ao novo comisario a necesidade de que a Unión Europea promova un marco equitativo na extracción e comercialización pesqueira a nivel internacional, o chamado level playing field, xa que temos que competir en condicións de igualdade e reaccionar cando entran produtos pesqueiros que teñen unha condición de vantaxe porque non se lle piden as mesmas condicións que se nos están pedindo en Europa.

Neste sentido tamén amosaron a súa preocupación respecto aos acordos de libre comercio que poida haber con Tailandia, especialmente en relación co atún.

Trataron tamén na xuntanza a necesidade de abordar desde unha perspectiva e uns prazos realistas o proceso de descarbonización da frota pesqueira.

Galicia rexeita que se suprima de forma xeneralizada a bonificación do combustible para a frota, dado que este sector ten unha baixa pegada de carbono e que aínda non existen alternativas ao gasóleo que sexan economicamente viables.

É por este motivo polo que os deputados e deputadas asinantes queremos preguntarlle ó goberno:





- Cal é a valoración que fai a Xunta de Galicia da recente reunión do Presidente da Xunta co comisario europeo de Pesca e Océanos, o chipriota Costas Kadis?

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 05/03/2025 13:27:25

María Deza Martínez na data 05/03/2025 13:27:51

Paula Mouzo Mas na data 05/03/2025 13:28:01

Dolores Hermelo Piñeiro na data 05/03/2025 13:28:11

Raúl Santamaría González na data 05/03/2025 13:28:21

Manuel Santos Costa na data 05/03/2025 13:28:32

Maria Magdalena Perez Millares na data 05/03/2025 13:28:41

Jesús María Fernández Rosende na data 05/03/2025 13:28:49

Patricia García González na data 05/03/2025 13:29:04

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



A Mesa do Parlamento

Nicole Grueira Fernández, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O acceso á vivenda é un dos principais retos aos que se enfronta a mocidade galega á hora de iniciar o seu proxecto de vida e lograr a súa plena emancipación. O incremento dos prezos do alugueiro, especialmente nas zonas urbanas e nas áreas de maior demanda, dificulta que os mozos e mozas poidan independizarse con estabilidade e garantías. Esta situación supón un obstáculo para o desenvolvemento persoal e profesional dos máis novos.

Co obxectivo de facilitar o acceso á vivenda e apoiar a emancipación da mocidade, a Xunta de Galicia convoca o Bono Alugueiro, cun orzamento de 13 millóns de euros. Este programa ofrece unha axuda de ata 250 euros mensuais para o pago do arrendamento, dirixida a mozos e mozas menores de 36 anos. A medida busca aliviar a carga económica que supón o alugueiro e contribuír a que a xuventude galega poida desenvolver o seu proxecto de vida na súa comunidade.

Tendo isto en conta, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Qué medidas está articulando ou ten en marcha a Xunta para axudar á mocidade o seu acceso á vivenda?



Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 05/03/2025 13:29:37

Cristina Campero Dorado na data 05/03/2025 13:29:50

María Deza Martínez na data 05/03/2025 13:30:01

José Luis Ferro Iglesias na data 05/03/2025 13:30:19

Rubén Lorenzo Gómez na data 05/03/2025 13:30:31

Argimiro Marnotes Fernández na data 05/03/2025 13:30:46

Carmen Pomar Tojo na data 05/03/2025 13:30:57

Roberto Rodríguez Martínez na data 05/03/2025 13:31:12

Gonzalo Trenor López na data 05/03/2025 13:31:26

Katherinie Varela Fernández na data 05/03/2025 13:31:38



Á Mesa do Parlamento

Paula Mouzo Mas, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Os Penedos de Pasarela e Traba constitúen un espazo natural de enorme valor paisaxístico, xeolóxico e cultural. A súa singularidade e riqueza medioambiental fixeron que fosen recoñecidos como “Paisaxe Protexida UE”, contando recentemente co primeiro plan de xestión protexida aprobado en Galicia.

A pesar de que este espazo se localiza nos concellos de Vimianzo e Laxe, a súa relevancia transcende o ámbito local, converténdose nun referente na conservación do patrimonio natural e na promoción dun turismo sustentable na Costa da Morte.

O plan de xestión presentado pola Xunta de Galicia establece unha serie de medidas encamiñadas á protección do espazo, á posta en valor dos seus recursos naturais e culturais e á regulación dos usos e actividades para garantir a súa conservación. Sen embargo, é fundamental coñecer con detalle a folla de ruta para a súa implementación e os recursos que se destinarán para facer efectivo este plan.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cales son as previsións da Xunta de Galicia con respecto ao plan de xestión dos Penedos de Pasarela e Traba?

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paula Mouzo Mas na data 05/03/2025 13:47:43

Cristina Campero Dorado na data 05/03/2025 13:48:00

María Deza Martínez na data 05/03/2025 13:48:13

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2025 13:53:32
Nº Rexistro: 21255
Data envío: 05/03/2025 13:53:32.018

José Luis Ferro Iglesias na data 05/03/2025 13:48:24

Rubén Lorenzo Gómez na data 05/03/2025 13:48:37

Argimiro Marnotes Fernández na data 05/03/2025 13:48:52

Carmen Pomar Tojo na data 05/03/2025 13:49:05

Roberto Rodríguez Martínez na data 05/03/2025 13:49:20

Gonzalo Trenor López na data 05/03/2025 13:49:36

Katherinie Varela Fernández na data 05/03/2025 13:49:53

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: B0R0G0gR0z0E0u0Y0vE-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Cristina Sanz Arias, Julio García Comesaña, Gonzalo Trenor López, Noelia Pérez López, Juan Casares Gándara, Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Alberto Pazos Couñago e Manuel Santos Costa deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en Pleno**.

O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España foi aprobado pola Comisión Europea o 13 de abril de 2021. Posteriormente, a Comisión aprobou a addenda ao Plan o 17 de outubro de 2023, coa que se incorporaron as transferencias adicionais recibidas por España e a solicitude de préstamos.

O prazo establecido polo Regulamento (UE) 2021/241, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establece que o prazo máximo no que deberán alcanzarse os fitos e obxectivos finais, tanto dos proxectos de investimento como das reformas, non debería ser posterior ao 31 de agosto de 2026.

O Goberno de España optou por unha planificación completamente centralizada do Plan de Recuperación, limitando o papel das Comunidades Autónomas á xestión de determinados investimentos definidos polos ministerios. Así, ás CC.AA. están a xestionar o 35,8% das transferencias non reembolsables que recibe España. En concreto, a CA de Galicia ten asignados 1.745 millóns de euros para a súa xestión ata finais do próximo ano.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

- Cal é a valoración da Xunta de Galicia sobre o proceso de gobernanza realizado polo Goberno de España na planificación e execución dos recursos de

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





- recuperación recollidos no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España (PRTR)?

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Cristina Sanz Arias na data 05/03/2025 13:52:05

Julio García Comesaña na data 05/03/2025 13:52:22

Gonzalo Trenor López na data 05/03/2025 13:52:33

Juan Manuel Casares Gándara na data 05/03/2025 13:52:53

Noelia Pérez López na data 05/03/2025 13:53:11

Miguel Fidalgo Iglesias na data 05/03/2025 13:53:25

Patricia García González na data 05/03/2025 13:53:42

Manuel Santos Costa na data 05/03/2025 13:54:41

Alberto Pazos Couñago na data 05/03/2025 13:54:54

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Alberto Pazos Couñago, Carmen Pomar Tojo, María Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **pleno**.

A Xunta de Galicia aprobou a terceira edición do Plan Corresponsables, cun investimento de 1,3 millóns de euros, para fomentar a conciliación a través do deporte. Este plan céntrase en promover a igualdade de oportunidades para homes e mulleres con fillos menores a cargo, proporcionando servizos de coidado profesional con actividades de animación sociodeportiva para nenos e mozos de ata 16 anos, organizadas por federacións deportivas.

A conciliación da vida familiar e laboral é un desafío crucial, especialmente para as familias con fillos menores. A través do Plan Corresponsables, a Xunta busca abordar este desafío promovendo a corresponsabilidade entre homes e mulleres no coidado dos menores e facilitando a igualdade de oportunidades.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. En que consiste a terceira edición do Plan Corresponsables da Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2025.





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 21259
Data envío: 05/03/2025 14:10:38,008

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Rio na data 05/03/2025 14:08:22

Julio García Comesaña na data 05/03/2025 14:08:40

Roberto Rodríguez Martínez na data 05/03/2025 14:08:52

Argimiro Marnotes Fernández na data 05/03/2025 14:09:05

Alberto Pazos Couñago na data 05/03/2025 14:09:20

Carmen Pomar Tojo na data 05/03/2025 14:09:35

María Felisa Rodríguez Carrera na data 05/03/2025 14:09:47

Katherinie Varela Fernández na data 05/03/2025 14:09:56

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: B0R0G5B0fzE0VYxvE-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a inexistencia do servizo de HADO no Hospital de Monforte de Lemos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Hospitalización a Domicilio (HADO) é un servizo útil e necesario que a Consellaría de Sanidade e a Xunta de Galiza deben potenciar e reforzar para asegurar unha atención sanitaria de calidade a toda a poboación galega independentemente da súa condición. Así, todos os hospitais galegos deberían contar cun profesional médico específico para o HADO.

Infelizmente na actualidade isto non é así xa que o Hospital Comarcal de Monforte de Lemos é o único de Galiza que non conta cunha praza de médico de HADO como tal. Segundo puido saber o Grupo Parlamentar do BNG nestes momentos estase xestionando polo servizo de Medicina Interna en vez de contar con médico propio, con todas as consecuencias que isto ten non só para a atención aos doentes, senón tamén para o propio cadro de persoal.

O de Monforte é, por causa da xestión da Xunta, o único hospital galego que incumpe o decreto 34/2021 do 11 de febreiro de 2021 publicado no DOG polo que se crea a categoría de HADO. Isto dá boa conta das profundas eivas que a xestión sanitaria do Goberno galego está a crear nos hospitais de zonas deprimidas demograficamente como é o sur de Lugo. A falta de bos servizos sanitarios nun lugar envellecido pode ser





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

devastadora e debe ser prioridade absoluta dun goberno pórllle solución á maior brevidade posible. Pódese dicir que Xunta incumpre co sur de Lugo e co seu Hospital de referencia, e o HADO é un caso clarísimo desta falta de compromiso que é preciso solventar.

Por todo o exposto anteriormente formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que opinión ten o Goberno galego de que o de Monforte de Lemos sexa o único hospital galego que non conta cunha praza específica de médico de HADO e ten pensado a Xunta solucionalo?

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2024

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 05/03/2025 16:59:54

Iria Carreira Pazos na data 05/03/2025 17:00:03



A Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Estratexia Galega de Economía Social Horizonte 2027 ten como obxectivo xeral construír unha Galicia máis sostible e próspera para todos, apostando por mellorar as competencias das persoas e as capacidades das entidades de economía social.

Un ambicioso plan do Goberno galego que busca consolidar o desenvolvemento deste modelo económico en Galicia, facendo fincapé na sustentabilidade social, económica e ambiental, ao tempo que promove a xeración de emprego de calidade e a fixación da poboación no territorio.

Os seus valores, como a inclusión, a igualdade, a cooperación, a innovación ou o emprendemento, reflicten unha aposta clara por un crecemento equilibrado e transformador, en liña coas oportunidades sinaladas no Plan de Acción Europeo da Economía Social.

Tendo en conta este marco, e ante as novas recentes que destacan os avances da economía social en Galicia durante o 2024, xorde a necesidade de avaliar o impacto real desta estratexia no seu primeiro ano de implementación significativa.

Por exemplo, sábese que no último ano creáronse máis de 200 novas entidades e 800 empregos, cifras que apuntan a un progreso notable.

Ademais, o Goberno galego destinou un orzamento global de máis de 181 millóns de euros para alcanzar os obxectivos fixados ata 2027, cun investimento bianual 2024-2025 superior aos 90 millóns.



Estes datos, xunto coas medidas específicas como as liñas de apoio á competitividade, as actividades formativas ou o impulso á rede Eusumo, suxiren unha traxectoria positiva desta estratexia e desde o Grupo Popular temos interese en coñecer os avances, saber se eses avances se van correspondendo coas expectativas iniciais, se os sectores estratéxicos —tecnolóxico, verde e industrial— están a beneficiarse como se prevía, como se está a fomentar a inclusión de colectivos clave ou se a estratexia está a contribuir realmente á fixación de poboación no rural, un dos seus piares fundamentais.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que balance fai o Goberno galego dos resultados obtidos no ano 2024 no marco da Estratexia Galega de Economía Social Horizonte 2027 e cales son as previsións para o ano 2025?

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 06/03/2025 09:47:43

María Encarnación Amigo Díaz na data 06/03/2025 09:48:03

Raquel Arias Rodríguez na data 06/03/2025 09:48:12

Víctor Baladrón Lamas na data 06/03/2025 09:48:26

Nicole Grueira Fernández na data 06/03/2025 09:48:39

Dolores Hermelo Piñeiro na data 06/03/2025 09:48:50

Argimiro Marnotes Fernández na data 06/03/2025 09:49:03

Ethel Vázquez Mourelle na data 06/03/2025 09:49:19

Maria Magdalena Perez Millares na data 06/03/2025 09:49:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonso, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a valoración do goberno galego sobre o canon eólico, os seus resultados e previsións a medio prazo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza impulsou no ano 2009 a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galiza e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

Dentro desta lei, no seu título III regula o canon eólico e o fondo de compensación ambiental. O canon eólico, gravaba orixinalmente o número de aeroxeradores establecendo un tramo exento e tres tramos con pagamentos unitarios crecentes segundo se incrementa o número de aeroxeradores. Dito imposto fornece, excluídos os gastos de xestión, o denominado Fondo de Compensación Ambiental, que se reparte por dúas vías . Unha, para os municipios directamente afectados polas instalacións dos aeroxeradores e as súas poligonais e infraestruturas. Outra, para a totalidade dos concellos galegos, por vía competitiva. A lei direcciona as actuacións financiábeis para aquelas “ comprendidas en aplicacións orzamentarias que teñan entre as súas finalidades a protección do medio e do contorno natural, a súa conservación, reposición e restauración, así como o fomento da investigación dirixida á mellora na eficiencia do aproveitamento dos recursos das enerxías renovables”. Anualmente a Xunta emite unha orde mediante a cal regula os criterios de repartición e estable as bases reguladoras e a convocatoria das subvencións do Fondo de Compensación





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ambiental en réxime de concorrencia non competitiva e concorrencia competitiva, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida. A contía aproximada adoita rondar os 11 millóns de euros, a metade aproximadamente do recadado polo canon eólico.

Logo de numerosas e reiteradas iniciativas do BNG para que se actualizase o canón eólico, dado que a actualización tecnolóxica dos aeroxeradores, que segundo avanza os anos incrementan a súa densidade enerxética, e polo tanto, os obxectivos do canon eólico quedan diluídos. O Partido Popular, a través da lei de acompañamentos dos orzamentos 2025, nunha auto emenda modifica o canon eólico cambiando a base impoñible do mesmo de número de xeradores á altura dos mesmos, cun tipo de gravame de 75 € por metro.

Esta altura mídese dende a base do aeroxerador ata a punta do aspa na súa posición máis elevada.

Xa é un feito recorrente que o Partido Popular utilice a lei de acompañamentos como subterfuxio para modificar leis fundamentais do ordenamento xurídico galego, evitando así debate cos grupos do parlamento e nula escoita aos sectores afectados, mesmo á sociedade galega.

Logo de no primeiro trimestre do ano 2025 diversos promotores solicitasen a repotenciación de parques con máis de 25 anos de funcionamento, podemos ir simulando a recadación do canon eólico baixo a actual redacción, e comparalo coa recadación anterior.

As simulacións feitas amosan unha perda de ingresos para a Xunta de Galiza, e por tanto, para os concellos afectados dun 64%.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tampouco coñecemos como se vai efectuar o reparto do fondo de compensación ambiental, dado que o artigo 25 da lei 8/2009 é suficientemente ambiguo para que non se poida saber a priori como se repartirá o canon eólico entre os concellos afectados.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é a valoración que fai o goberno da Xunta sobre os datos de recadación que amosa o actual canon eólico?

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2025

Asdo.: Xosé Manuel Golpe Acuña

Brais Ruanova Vilas-Boas

Ramón Fernández Alfonzo

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 06/03/2025 10:08:30

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 06/03/2025 10:09:44

Ramón Fernández Alfonzo na data 06/03/2025 10:09:58





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Este grupo parlamentario en relación coa praga do nematodo do Pino presentaba unha proposición non de lei na que instaba o Goberno a que elaborase un plan de actuacións para a consecución de piñeiros resistentes ou tolerantes ao nematodo do piñeiro, e un plan de actuacións para que esta planta de piñeiro estea a disposición dos propietarios forestais e empresas de reforestación para o seu uso efectivo nas repoboacións forestais.

A esta praga vén a unirse outra enfermidade dos pinos no norte de Galicia, coñecida como a enfermidade das bandas.

Debido a diversas circunstancias os pinares foron perdendo superficie no monte galego ao longo dos últimos 15 anos, segundo sinala a Fundación Arume, indicando que se perderon 140.000 ha. de coníferas nos últimos 15 anos, problema que se vén agravando pola incidencia das bandas, que afectan fundamentalmente ao pino Radiata, que supón un 50 % das talas de coníferas en Galicia.

Por iso, a fundación propón distintas medidas que comprenden:

1. Un plan de choque que debe pasar, en primeiro lugar, pola declaración de emerxencia sanitaria nos pinares radiata.

Desta forma poderíase abrir a vía para poder aplicar de forma urxente tratamentos preventivos gratuítos contra a banda en montes privados.





2. A declaración de utilidade pública dos tratamentos en áreas estratéxicas, de forma que sexa posible o acceso e actuación da Administración nos terreos privados por causas de interese xeral.
3. A obtención de plantas resistentes a enfermidade das bandas, activando de forma urxente protocolos para a detección, nos montes mais afectados, de árbores que sexan resistentes as bandas, para estudalos, e se é posible, para incorporalos os programas de mellora.
4. Reforzar os servizos de sanidade forestal da Consellería do Medio Rural que carecen dos medios suficientes.
5. Impulsar o Centro de investigación forestal de Lourizán dependente da Consellería de Economía.
6. Introducir a variedade do Pino Taeda nas zonas afectadas.
7. Instalar parcelas con metodoloxía de ensaio científico e importar de xeito controlado semente de piñeiro Taeda que pode ser unha alternativa ao Rdiata.
8. Realizar un estudo dun cambio de modelo en relación coas axudas públicas aos silvicultores.
9. A creación dun equipo multidisciplinar que estude a ecoloxía do patóxeno das bandas.

Ante a situación de regresión manifesta dos pinares en Galicia e o impacto na industria da madeira que depende da dispoñibilidade de materia prima, o Grupo Parlamentario Socialista entende, que o Goberno galego debe actuar ante esta grave problemática de forma urxente, e por iso, as deputadas que asinan preguntan:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2025 10:52:14
Nº Rexistro: 21293
Data envío: 06/03/2025 10:52:14.812

Vai o Goberno galego implantar un plan de choque para salvar as masas de pino ante as pragas que padecen?

Parlamento de Galicia, 6 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 06/03/2025 10:39:44

Lara Méndez López na data 06/03/2025 10:39:56

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

73262

@PSdeG



CSV: B0R0G-52BQZB6W6xvE-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas que a Xunta está a desenvolver para dar cumprimento ao Decreto 42/2023, de 27 de abril, polo que se declara Ben de Interese Cultural a Casa Cornide, a respecto da obriga de apertura ao público.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 17 de novembro de 2020 o Parlamento galego acordaba por unanimidade, a instancias dunha proposición non de lei defendida polo grupo parlamentario do BNG, instar a Xunta de Galiza a axilizar o expediente para incoar o expediente BIC para a Casa Cornide da Coruña.

Este acordo chega ao punto e final coa publicación no DOG do Decreto 42/2023, de 27 de abril, polo que se declara Ben de Interese Cultural a Casa Cornide, como conxunto histórico de “valor cultural sobranceiro”.

O réxime de protección regulado no devandito decreto establece, entre outras obrigas, o dereito de acceso público a este ben, en consonancia co que xa fora recollido na Resolución do 14 de maio de 2021, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se incoa o procedemento para declarar ben de interese cultural a Casa Cornide na Coruña:

“Visita pública: as persoas propietarias, posuidoras, arrendatarias e, en xeral, titulares de dereitos reais sobre o ben permitirán a súa visita pública gratuíta un número mínimo de catro días ao mes durante, polo menos, catro horas ao día, que serán





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

definidos previamente. O deber de permitir o acceso non se estenderá aos espazos que constitúan domicilio particular ou en que poida resultar afectado o dereito á intimidade persoal e familiar. En todo caso, a consellería competente en materia de patrimonio cultural poderá establecer, despois de lles dar audiencia ás persoas propietarias, posuidoras, arrendatarias e, en xeral, titulares de dereitos reais afectados, un espazo mínimo susceptible de visita pública”.

No entanto, a familia Franco, propietaria da Casa Cornide, leva estes dous anos, desde a publicación da declaración BIC, incumprindo o mandato da Administración, regulado a través do DOG, de abrir ao público un mínimo de catro días ao mes, durante polo menos catro horas ao día, e vulnerando consecuentemente os dereitos da cidadanía de acceder a un ben de interese cultural, de alto valor patrimonial e histórico.

Ao tempo, o goberno da Xunta continúa inmerso nunha inexplicábel pasividade e complicidade co incumprimento da legalidade por parte da familia Franco, como demostra a falta de resposta do goberno ás peticións de informes da propia Valedora do Pobo que xustifiquen o peche ao público da Casa Cornide, ou o anuncio dunha proposta de convenio de colaboración da familia coa Xunta despois de que a Xunta lle abrise un expediente sancionador debido ao incumprimento legal de apertura ao público da casa.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que accións está a desenvolver a Xunta para garantir a inmediata apertura ao público da Casa Cornide consonte o Decreto 42/2023, de 27 de abril, polo que se declara Ben de Interese Cultural?

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 06/03/2025 11:17:26

Daniel Castro García na data 06/03/2025 11:17:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Ariadna Fernández González e Noa Presas Bergantiños, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o mantemento da actividade da Escola Infantil “A Casiña” no barrio das Lagoas en Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Ourense, segundo os datos publicados polo Instituto Galego de Estatística, a 1 de xaneiro de 2024 contaba cunha poboación de 104.725 habitantes, dos que 2.308 tiñan entre 0 e 3 anos de idade. Para a atención ao inicio do proceso educativo e de socialización dos cativos/as, como á conciliación da vida familiar e laboral dos proxenitores/as apenas existen 24 escolas infantís. Destas escolas infantís apenas 7 son de titularidade e xestión pública, sendo as demais de titularidade privada, dándose un único suposto en que esa xestión privada corresponde a unha entidade sen ánimo de lucro. É o caso da Escola Infantil “A Casiña”, situada na rúa Vasco da Ponte, no barrio das Lagoas.

A Escola Infantil “A Casiña” con case 50 anos de actividade e que nos últimos 17 ven xestionando Cáritas, conta con 41 prazas e cun cadro de persoal de 7 traballadoras, persoal de cociña e administración incluída. Malia que, en contraste coas demais escolas infantís A Casiña nunca foi obxecto de accións destinadas á promoción ou publicidade da actividade, ten unha alta demanda e ocupación o que é debido tanto ao bo facer das súas traballadoras, como a súa situación, dado que se trata do único centro de estas características na contorna. Nun radio superior aos dous quilómetros só





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

existen a escola infantil “A Casiña” e a “Concepción Saiz Otero” se ben esta, sita no campus universitario, está fundamentalmente dirixida á esa comunidade educativa.

Así pois a Escola Infantil “A Casiña” é único recurso co que conta a veciñanza do barrio das Lagoas e a súa contorna tanto para a conciliación da vida familiar e laboral, como para a preparación das crianzas para etapa escolar. A día de hoxe, superado a consideración das escolas infantís como “guarderías”, non existen dúbida de que se trata de instrumentos fundamentais para a socialización e desenvolvemento cognitivo e emocional dos cativos e cativas na etapa previa á súa escolarización; ao tempo que permiten ás proxenitoras realizar unha actividade profesional coa tranquilidade de que as súas fillas están ben atendidas e coidadas. Para que esta conciliación sexa real e efectiva é esencial a accesibilidade das familias á escola infantil, tanto pola proximidade do centro como polos horarios de funcionamento.

Tras iniciarse a principios do mes de febreiro o prazo para a solicitude de matrícula e renovación de praza nas escolas infantís de xestión privada, os pais e nais que solicitaran a renovación de praza na E.I. A Casiña recibiron unha comunicación da Entidade encargada da xestión na se lle informaba do peche do centro e que quedaba sen efecto a solicitude que presentaran para o curso 25/26. Resulta evidente que a presentación da solicitude de renovación de matrícula na Escola facía que non se solicitara en ningún outro centro, co que é previsible que os outros centros xa foran ocupándose.

A comunicación provocou o coherentes desacougo nas familias que un mes despois de iniciado o prazo deberían procurar praza noutra escola, o que visto o acontecido nos exercicios precedentes, nos que 150 familias ficaron sen praza para as súas crianzas; non vai ser tarefa doada. Segundo se comproba da información publicada pola Xunta de Galiza para o curso 24/25 non ha bía ningunha praza nunha escola infantil a menos de 2,5 km a redonda da “E.I. A Casiña”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xa que logo e facerse efectivo o cese na actividade do centro se verá afectada a conciliación da vida familiar e laboral das familias usuarias, na maioría dos casos veciñas da contorna e que mellor dos casos -de atopar praza noutra escola- veranse obrigadas a se desprazar fora do seu barrio de residencia, tendo que recorrer ao vehículo particular.

O peche da escola implicará, tamén, a perda de cando menos 7 postos de traballadoras de acreditada profesionalidade e valía e, nalgúns casos con notable antigüidade.

Xa que logo a decisión adoptada privara doutro servizo á veciñanza dun importante barrio de Ourense, prexudicara a conciliación familiar e laboral de numerosas familias e suporá unha supresión de postos de traballo en Ourense, única provincia de Galiza e das poucas do estado en que paro rexistrado medrou no último mes.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas ten previsto realizar o goberno galego para evitar o peche da Escola Infantil “A Casiña” no barrio das Lagoas en Ourense?

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Ariadna Fernández González

Noa Presas Bergantiños





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 06/03/2025 12:31:04

Ariadna Fernández González na data 06/03/2025 12:31:52

Noa Presas Bergantiños na data 06/03/2025 12:32:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas e Xosé Manuel Golpe Acuña, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o control público da Sociedade Recursos de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sociedade Recursos de Galiza (RDG) deuse a coñecer publicamente en novembro de 2023 a través de diversos comunicados na prensa.

Esta sociedade creábase ao abeiro da, naquel momento futura, *Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galiza*, como peza fundamental no desenvolvemento de dita lei, para a promoción de diferentes proxectos relacionados co aproveitamento dos recursos naturais galegos.

Polo tanto creábase primeiro a sociedade privada-pública, sen tan sequera ter aprobada a lei que regularía o aproveitamento de recursos para beneficio social e económico, e a gravidade disto radica en que dita sociedade é creada en exclusiva para o desenvolvemento material de dita lei.

Cómpre salientar que o que se coñece de RDG ven a través de notas de prensa do Goberno Galego e de novas en diferentes medios, xa que dita sociedade, ao estar participada unicamente nun 30% pola administracións, queda fóra do entorno de control e da rendición de contas da *Lei 16/2010 de ordenación e funcionamento do sector público autonómico (LOFAXGA)*.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

RDG artículase pois, en propias palabras do Goberno Galego e a través da información da súa propia páxina web, na promoción de proxectos de produción de enerxía a partir de fontes renovables, a promoción de dereitos, concesións e proxectos de explotación mineiros e proxectos que requiren a utilización de auga.

Polo tanto queda en mans privadas, cun control minoritario por parte do Goberno Galego, apenas o 30%, aquelas decisións sobre os proxectos que teñen a ver cos recursos e a xestión dos mesmos, ao que se suma a opacidade total sobre a elección do presidente e do conselleiro delegado de RDG.

Para os grupos parlamentarios da cámara faise complexo poder ter acceso a información relativa a RDG e a súa fiscalización queda excluída do entorno do sector público a pesar de ser unha sociedade que vai ter unha alta incidencia no desenvolvemento da política industrial e de recursos de Galiza.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Pensa o Goberno Galego dirixirse á Sociedade Recursos de Galiza para que teña total transparencia da súa actividade e renda contas para a súa fiscalización ante o Consello de Contas?

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2025

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Xosé Manuel Golpe Acuña

Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 06/03/2025 13:33:05

José Manuel Golpe Acuña na data 06/03/2025 13:34:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as contencións mecánicas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A contención mecánica é a acción pola que se inmoviliza a unha persoa, habitualmente a través de correas de suxeición, para fixala a unha cama. Esta práctica posúe características terapéuticas de ningún tipo, mais pola contra, si que supón importantes consecuencias físicas e psicolóxicas, sendo unha das máis traumáticas a curto, medio e longo prazo, e afectando tanto ás persoas que sofren a contención coma tamén incluso ás persoas que se ven obrigadas a practicalas.

Aínda que non existe unha normativa específica para regular o uso das contencións mecánicas no Estado español nin en Galiza, si que existen recomendacións de organizacións supraestatais, así coma outra lexislación que cómpre ter presente a este respecto. Por exemplo, no Estado español, a lei orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e adolescencia fronte á violencia, recolle a prohibición explícita, nos centros de protección, do uso da contención mecánica, establecéndose como prioridade as técnicas de desescalada verbais e marcando os límites de uso da contención física.

Nesta liña, existen actualmente diferentes experiencias na redución e erradicación da contención a nivel internacional con resultado positivo na redución de contencións ata chegar a contar con centros libres de contención. No Estado español, o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Parc Sanitari de San Joan de Deu conseguiu en 2020 a acreditación Libera-Dignos, da Fundación Coidados Dignos por reducir a contención practicamente a cero. Tamén Andalucía conta con experiencias de obxectivos de redución da coerción, e hai outras en marcha actualmente no Hospital Universitari Germans Trías i Pujol e no Hospital Sant Pau.

Aínda que nos últimos anos se teñen feito certos avances no que se refire ao recoñecemento institucional da necesidade de erradicar as contencións cero, o certo é que as medidas implantadas son de todo punto insuficientes como para ter impacto real a nivel asistencial e de garantía do respecto aos dereitos humanos.

O Movemento Galego da Saúde Mental (MGSM) é unha organización que leva unha década traballando para denunciar a vulneración de dereitos humanos no eido da saúde mental e para esixir a súa garantía, sendo un dos campos de traballo a erradicación da contención mecánica. Nesta liña fixo público o Documento marco para a elaboración dun Plan Galego de Erradicación do uso das contencións mecánicas nos Servizos de Saúde Mental, no que se recollen unha serie de propostas para lograr o obxectivo da contención cero.

Mais, para poder avanzar resulta imprescindible termos información e coñecer os datos sobre a utilización da contención mecánica, pois diferentes investigacións salientan a gran variabilidade existente, xa non entre países, senón incluso entre hospitais e/ou unidades, o que fai pensar no peso que teñen factores locais e de tradición en cada centro sobre outras variables. Na Galiza, aínda que existe algunha información destas prácticas, sobre todo a base de testemuños ou de informes externos coma os da Comisión Nacional de Prevención de la Tortura do Defensor del Pueblo, nin o Sergas nin a Consellería de Sanidade ofrecen información pública e sistematizada. Preocupadas por esta cuestión, desde o BNG temos demandado esta información, tamén a través de iniciativas parlamentarias, mais sen que se chegase a facer pública en ningún momento,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

amparándose o Partido Popular en que “non son información clínica relevante” para xustificar tal veto e ocultación.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Dada a situación, cales son as medidas que está a tomar a Xunta de Galiza para lograr a erradicación das contencións mecánicas en Galiza?

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2025

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 06/03/2025 13:47:19

María Montserrat Prado Cores na data 06/03/2025 13:49:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Ariadna Fernández González, Montserrat Valcárcel Armesto, Olalla Rodil Fernández, Sonia Vidal Lamas, e Iago Suárez Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a praga da rata toupa que está afectando as terras agrarias en concellos da montaña de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En determinados concellos da montaña de Lugo, concretamente en Nogais, Baralla, Cervantes, Folgoso do Courel, Navia de Suarna, Pedrafita do Cebreiro, Samos e Triacastela comezaron polo ano 2019 determinados procesos explosivos de roedores da familia Microtinae, en concreto Arvicola scherman, comunmente denominada rata toupa; posteriormente estendeuse a outros concellos da montaña chegando até a Fonsagrada. Este animal é unha raza autóctona propia das zonas de montaña, aliméntase da herba por baixo da superficie e causa grandes danos cando a súa poboación medra. Esta explosión converteuse en praga que provoca danos inasumíbeis nos pastos da montaña.

No ano 2020 a propia consellería do medio rural falaba que a superficie afectada pola rata toupa en diferentes concellos da provincia de Lugo sitúase nas 1.629,63 hectáreas, nun total de 2.995 parcelas

Dende o BNG presentamos varias iniciativas na lexislatura pasada para que dende a consellería do medio rural e a Xunta de Galiza se actuase sobre esta praga, se dotaran de recursos e fixeran as investigacións pertinentes e que se establecesen indemnizacións ao sector que está a sufrir cuantiosos danos na produción das súas fincas.

A raíz destas propostas do BNG a consellería sacou unha orde de axudas no ano 2023 na que se incluían como beneficiarios destas axudas os titulares de explotacións gandeiras situadas nos concellos das Nogais, Baleira, Becerreá, Cervantes, Folgoso do Courel,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Fonsagrada, Navia de Suarna, Pedrafita do Cebreiro, Samos ou Triacastela. Nesta orde figuraban referencias planimétricas das parroquias e zonas afectadas pola praga da rata toupa

A consellería do Medio Rural fixo publicidade desta orde de axudas na que o importe de axuda que se concedería a cada beneficiario sería de 300 €/ha. A realidade foi ben distinta, unha vez mais o goberno da Xunta de Galiza engana aos gandeiros galegos, e a axuda final nos pagamentos realizados da mesma a penas se acadaron os 93 €/ha. Esta axuda mísera non alcanza para nada os danos causados por esta praga a que a consellería do medio rural e a Xunta non dan solución.

Para máis preocupación do sector agrogandeiro e das labregas e labregos a praga sigue estendéndose, xa se fala de 8000 has afectadas. Por outra banda os investigadores necesitan mais recursos para seguir traballando.

Estamos no 2025 e a problemática volta outra vez a actualidade e os danos increméntanse.

Por todo o exposto anteriormente fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Despois de anos de afección que medidas tomou a Xunta de Galiza e vai sacar a orde de axudas no 2025?

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2025

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**

Ariadna Fernández González

Sonia Vidal Lamas

Iago Suárez Fernández

Montserrat Valcárcel Armesto





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 06/03/2025 14:13:05

Ariadna Fernández González na data 06/03/2025 14:13:10

Sonia Vidal Lamas na data 06/03/2025 14:13:16

Montserrat Valcárcel Armesto na data 06/03/2025 14:13:25

Iago Suárez Fernández na data 06/03/2025 14:13:36

Secundino Fernández Fernández na data 06/03/2025 14:13:43



A Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Gonzalo Trenor López, Encarna Amigo Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, José Manuel Mato Díaz, Angel Rodríguez Conde, Cecilia Vázquez Suárez e Miguel A. Viso Diéguez, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O proxecto Gama que a multinacional Altri deseñou para a localidade lucense de Palas de Rei -a través de Greenfiber- aspira a converterse na primeira fábrica de fibras téxtiles biodegradables de Galicia.

Máis en concreto, trátase dunha iniciativa, pioneira a nivel mundial, para a produción de lyocell, unha fibra téxtil elaborada a partir de celulosa procedente de madeira, que neste caso proviría de eucalipto galego certificado.

De superar o proceso de avaliación ambiental e implantarse, situará a Galicia na vangarda dunha nova industria capaz de pechar o ciclo produtivo da madeira e baseada na sustentabilidade e na innovación, en liña coas directrices da Unión Europea.

Concibida como un modelo integral, na que a produción da pasta soluble servirá para fornecer á produción de lyocell, prevé utilizar eucalipto procedente dos montes galegos, asumindo unha oferta que na actualidade se comercializa fóra de Galicia.

Servirá, en consecuencia, como pulo para dinamizar o tecido industrial de Galicia, fomentando a xeración de maiores beneficios económicos e de sustentabilidade en dous sectores estratéxicos para nosa comunidade, como son o forestal e o téxtil.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que beneficios traerá aparelhada a posta en marcha, de ser o caso, da primeira fábrica de fibras téxtiles biodegradables para os miles de pequenos produtores forestais en Galicia?

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 06/03/2025 17:42:36

Gonzalo Trenor López na data 06/03/2025 17:42:58



María Encarnación Amigo Díaz na data 06/03/2025 17:43:12

Enrique Barreiro Sánchez na data 06/03/2025 17:43:21

Cristina Campero Dorado na data 06/03/2025 17:43:36

Juan Manuel Casares Gándara na data 06/03/2025 17:43:49

Nicole Grueira Fernández na data 06/03/2025 17:44:01

José Mato Díaz na data 06/03/2025 17:44:15

Ángel Rodríguez Conde na data 06/03/2025 17:44:34

Cecilia Vázquez Suárez na data 06/03/2025 17:44:49

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 06/03/2025 17:45:00



A Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Alberto Pazos Couñago, Gonzalo Trenor López, Cristina Sanz Arias, Juan Casares Gándara, Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Noelia Pérez López e Manuel Santos Costa, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O proxecto Gama que a multinacional Altri deseñou para a localidade lucense de Palas de Rei -a través de Greenfiber- aspira a converterse na primeira fábrica de fibras téxtiles biodegradables de Galicia.

Máis en concreto, trátase dunha iniciativa, pioneira a nivel mundial, para a produción de lyocell, unha fibra téxtil elaborada a partir de celulosa procedente de madeira, que neste caso proviría de eucalipto galego certificado.

De superar o proceso de avaliación ambiental e implantarse, situará a Galicia na vangarda dunha nova industria capaz de pechar o ciclo produtivo da madeira e baseada na sustentabilidade e na innovación, en liña coas directrices da Unión Europea.

Concibida como un modelo integral, na que a produción da pasta soluble servirá para fornecer á produción de lyocell, prevé utilizar eucalipto procedente dos montes galegos, asumindo unha oferta que na actualidade se comercializa fóra de Galicia.

Servirá, en consecuencia, como pulo para dinamizar o tecido industrial de Galicia, fomentando a xeración de maiores beneficios económicos e de sustentabilidade en dous sectores estratéxicos para nosa comunidade, como son o forestal e o téxtil.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que beneficios traerá aparelada a posta en marcha, de ser o caso, da primeira fábrica de fibras téxtiles biodegradables en Galicia sobre o tecido industrial galego?

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 06/03/2025 17:48:45

Alberto Pazos Couñago na data 06/03/2025 17:49:04



Gonzalo Trenor López na data 06/03/2025 17:49:16

Cristina Sanz Arias na data 06/03/2025 17:49:31

Juan Manuel Casares Gándara na data 06/03/2025 17:49:46

Miguel Fidalgo Iglesias na data 06/03/2025 17:49:58

Julio García Comesaña na data 06/03/2025 17:50:10

Patricia García González na data 06/03/2025 17:50:25

Noelia Pérez López na data 06/03/2025 17:50:40

Manuel Santos Costa na data 06/03/2025 17:50:53



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Rio, Argimiro Marnotes Fernández, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Paula Mouzo Mas, José Alberto Pazos Couñago, Carmen María Pomar Tojo, María Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola relevancia que para Galicia ten acoller un acontecemento deportivo do máximo nivel

O Goberno galego, no marco das súas competencias, comprometeuse a través dun acordo no Consello da Xunta en 2022 a apoiar a candidatura galega interesada en converterse en sede do Mundial de fútbol de 2030.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta para a súa resposta en Pleno:

- De que información dispón o Goberno galego sobre a próxima celebración do Mundial 2030?

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Rio na data 04/03/2025 16:41:03

Argimiro Marnotes Fernández na data 04/03/2025 16:41:23

Julio García Comesaña na data 04/03/2025 16:41:37

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Roberto Rodríguez Martínez na data 04/03/2025 16:41:56

Paula Mouzo Mas na data 04/03/2025 16:42:42

Alberto Pazos Couñago na data 04/03/2025 16:45:07

Carmen Pomar Tojo na data 04/03/2025 16:45:24

María Felisa Rodriguez Carrera na data 04/03/2025 16:45:38

Katherinie Varela Fernández na data 04/03/2025 16:45:48

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)

CSV: B0R0G-S6GZa3KtW6YxvE-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martinez, Miguel Fidalgo Iglesias, María Felisa Rodríguez Carrera, Ángel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereza Fraiz e Miguel Ángel Viso Diéguez deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia vén motivada pola importancia destes proxectos no impulso ás empresas e economía galega

A eficiencia enerxética é un elemento clave para o desenvolvemento sostible dun territorio e tamén para a competitividade empresarial. No contexto actual, caracterizado pola volatilidade dos prezos enerxéticos e a crecente preocupación pola transición ecolóxica, resulta imprescindible que o tecido empresarial, incluídas as pemes e as persoas traballadoras autónomas, adopten medidas que optimicen o uso da enerxía e reduzan o impacto ambiental.

A diminución do consumo enerxético non só implica un aforro nos custos operativos, senón que tamén contribúe á transición ecolóxica, á redución de emisións de gases de efecto invernadoiro e ao cumprimento dos obxectivos da Unión Europea en materia de enerxía e clima.

Pero a necesidade de avanzar cara unha industria e unha economía descarbonizada non só responde á urxencia climática, senón que tamén é unha oportunidade para mellorar a competitividade das nosas empresas, atraer novos investimentos e fomentar o emprego verde.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Ademais, a transición enerxética permite reducir a dependencia de fontes de enerxía fósiles, mellorar a seguridade enerxética e diminuír o impacto da volatilidade dos prezos da enerxía na nosas industrias.

Tendo todo isto en conta, é fundamental que a Administración Autonómica, no marco das súas competencias, impulse políticas e programas que faciliten a modernización enerxética do noso tecido produtivo, fomentando o uso de enerxías renovables, impulsando a dixitalización para o control do consumo ou implementado tecnoloxías máis eficientes.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta

-Que medidas está desenvolvendo a Xunta de Galicia para mellorar a eficiencia enerxética e como están impactando no tecido produtivo?

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 10/03/2025 13:56:01

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/03/2025 13:56:23

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 10/03/2025 13:56:39

Ángel Rodríguez Conde na data 10/03/2025 13:56:55

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Miguel Fidalgo Iglesias na data 10/03/2025 13:57:09

María Deza Martínez na data 10/03/2025 13:57:26

Cristina Sanz Arias na data 10/03/2025 13:57:41

Borja Vereza Fraiz na data 10/03/2025 13:57:58

María Felisa Rodríguez Carrera na data 10/03/2025 13:58:26

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://www.twitter.com/GrupoPopularGal)

CSV: B0R0GSP0CS0ZB0WYxvE-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martinez, Miguel Fidalgo Iglesias, María Felisa Rodríguez Carrera, Ángel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereza Fraiz e Miguel Ángel Viso Diéguez deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia:

A urxencia vén motivada pola importancia destes proxectos no impulso ás empresas e economía galega.

Nun mundo globalizado e altamente competitivo, a internacionalización empresarial converteuse nun factor clave para o crecemento e a sustentabilidade de calquera economía. A expansión a mercados exteriores permite ás empresas diversificar ingresos, aumentar a súa facturación e mellorar a competitividade a través da innovación e adaptación ás novas tendencias.

Neste sentido, a economía galega, caracterizada pola súa forte vocación exportadora en sectores como a automoción, a industria agroalimentaria, a pesca, o téxtil ou as TIC, debe continuar fortalecendo a súa presenza no comercio internacional para garantir un desenvolvemento económico sostible e xerar emprego de calidade.

E aínda que Galicia volveu anotar un novo récord en 2024, superando os 31.000 millóns de euros -un 3,3% máis que en 2023-, en fronte hai numerosos desafíos, como os posibles aranceis de Estados Unidos ou os habituais relacionados co proceso de internacionalización: acceso a financiamento, adaptación a normativas internacionais ou a busca de socios estratéxicos no estranxeiro.

Co obxectivo de acompañar as empresas neste contexto e contribuír á súa expansión e ao seu crecemento económico, a Xunta de Galicia puxo en marcha a Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega 2021-2025, que inclúe programas de apoio, incentivos a dixitalización ou misións comerciais para incrementar a internacionalización do noso tecido produtivo.

Aínda así, as dinámicas dos mercados internacionais e os cambios xeopolíticos obrigan a actualizar e reforzar estas estratexias para adaptalas ás novas esixencias do comercio global.





Por todo o exposto, os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular formula a seguinte pregunta:

-Que novidades incluírá a Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega 2026-2030 na que está a traballar a Xunta de Galicia e como prevé facer fronte ao incerto contexto internacional?

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 10/03/2025 14:11:41

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/03/2025 14:11:57

María Deza Martínez na data 10/03/2025 14:12:04

Miguel Fidalgo Iglesias na data 10/03/2025 14:12:23

María Felisa Rodríguez Carrera na data 10/03/2025 14:12:32

Ángel Rodríguez Conde na data 10/03/2025 14:12:47

Borja Vereza Fraiz na data 10/03/2025 14:12:57

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 10/03/2025 14:13:16

Cristina Sanz Arias na data 10/03/2025 14:13:31

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)



[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





Á Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martinez, Miguel Fidalgo Iglesias, María Felisa Rodríguez Carrera, Ángel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereza Fraiz e Miguel Ángel Viso Diéguez deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno polo trámite urxencia.**

Xustificación da urxencia:

A urxencia vén motivada pola importancia destes proxectos no impulso ás empresas e economía galega.

O tecido empresarial galego constitúe un pilar fundamental para a nosa economía, representando unha fonte esencial de emprego, innovación e desenvolvemento. Sen embargo, moitas pequenas e medianas empresas, así como persoas traballadoras autónomas e emprendedoras, enfrontan dificultades para acadar o financiamento necesario que lles permita consolidarse, crecer ou facer fronte a situacións económicas adversas.

Neste contexto, os préstamos públicos eríxense como ferramentas clave para facilitar a liquidez e garantir a solvencia e viabilidade dos nosos negocios, permitindo a creación e o mantemento de postos de traballo, o fortalecemento do tecido produtivo e a atracción de investimentos.

A situación económica derivada das recentes crisis, así como as fluctuacións dos mercados e os cambios na política financeira global, acentuaron a necesidade de mecanismos de apoio efectivos. O acceso limitado ao crédito bancario e as esixencias de garantías dificultan a moitas empresas a posibilidade de obter financiamento en condicións razoables.

Neste sentido, a actuación da Administración mediante préstamos convértese nunha medida de equidade económica e cohesión social e a Xunta de Galicia hai anos que ten en marcha unha liña neste sentido, en colaboración coas Sociedades de Garantía Recíproca e as entidades financeiras.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia formula as seguintes preguntas:





- Que balance fai a Xunta de Galicia desta medida e que novidades incluíu na convocatoria deste ano para impulsar o fortalecemento e o crecemento do tecido produtivo?

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 10/03/2025 14:24:55

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/03/2025 14:25:13

María Felisa Rodríguez Carrera na data 10/03/2025 14:25:20

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 10/03/2025 14:25:28

Ángel Rodríguez Conde na data 10/03/2025 14:25:36

Miguel Fidalgo Iglesias na data 10/03/2025 14:25:47

Cristina Sanz Arias na data 10/03/2025 14:25:56

María Deza Martínez na data 10/03/2025 14:26:13

Borja Vereza Fraiz na data 10/03/2025 14:26:23

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martinez, Miguel Fidalgo Iglesias, María Felisa Rodríguez Carrera, Ángel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereza Fraiz e Miguel Ángel Viso Diéguez deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia vén motivada pola importancia destes proxectos no impulso ás empresas e economía galega.

Nunha contorna económica cada vez máis dinámica e globalizada, a competitividade empresarial converteuse nun factor determinante para garantir a sustentabilidade e o crecemento sostido do tecido produtivo. A capacidade dunha empresa para innovar, optimizar os seus procesos e adaptarse aos cambios do mercado determina o seu éxito a longo prazo.

Fortalecer a súa capacidade non só contribúe a mellorar a súa produtividade e eficiencia, senón que tamén impulsa o crecemento económico e social dunha rexión. Ademais, as empresas máis competitivas xeran emprego de maior calidade, aumentan a súa capacidade de internacionalización e fomentan o investimento en investigación e desenvolvemento.

Neste contexto, é fundamental que as administracións públicas e os organismos de apoio empresarial implementen programas que faciliten ás empresas ferramentas e estratexias para mellorar o seu desempeño. En Galicia, o Goberno galego puxo en marcha o programa ReAcciona, unha iniciativa deseñada para axudar as empresas a optimizar a súa xestión, dixitalizar procesos e mellorar a súa eficiencia operativa.

Este programa ofrece servizos de asesoramento e acompañamento en áreas clave como a estratexia empresarial, a dixitalización, a innovación ou a eficiencia produtiva. En marcha desde o ano 2012, aborda os retos cun enfoque integral para intentar que o tecido produtivo se adapte mellor aos desafíos actuais e, á vez, se potencie o seu crecemento.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:





-De que maneira o programa ReAcciona se aliña coa estratexia económica da Xunta de Galicia e que medidas complementarias se están impulsando para garantir que as empresas beneficiadas logren un impacto sostible na nosa economía?

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 10/03/2025 17:13:13

María Felisa Rodriguez Carrera na data 10/03/2025 17:13:35

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/03/2025 17:13:57

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 10/03/2025 17:14:09

Ángel Rodríguez Conde na data 10/03/2025 17:14:19

Miguel Fidalgo Iglesias na data 10/03/2025 17:14:30

María Deza Martínez na data 10/03/2025 17:14:52

Borja Vereza Fraiz na data 10/03/2025 17:15:04

Cristina Sanz Arias na data 10/03/2025 17:15:16

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-3ZEmWYxvE-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

